ACF		EFF		MLP		MVF		DBD	
SAG	1	PJC	1	ACF	1	PJC	1	SVS	1
LBR	2	JGG	2	RCG	2	EOD	2	JGG	2
ACF	3	LGA	3	DCI	3	JGG	3	DCI	3
RCG	4-5	MMM	4-5	EFF	4-5	SAG	4-5	EFF	4-5
DCI	6-7	EOD	6-7	LGA	6-7	ACF	6-7	LGA	6-7
EFF	8	SAG	8	MMM	8	RCG	8	MMM	8
RCR	4ºAEI	BIP	4ºAEI	BIP	4ºAEI	MVF	4ºAEI	MVF	4ºAEI
MMB	5ºAEI	RCR	5ºAEI	MMB	5ºAEI	MLP	5ºAEI	MLP	5ºAEI
PGR	6ºAEI	PGR	6ºAEI	DBC	6ºAEI	DBC	6ºAEI	LBR	6ºAEI
LBR		Todos		RCR		ACF		Non hai	
19		20		21		22		23	
RCG		RCR		EFF					
LBR		ACF		PGR					
DBD		DCI		JGG					
PJC	1	PJC	1	EOD	1				
EOD	2	DCI	2	SVS	2				
SAG	3	EFF	3	SAG	3				
LBR	4-5	LGA	4-5	ACF	4-5				
ACF	6-7	JGG	6-7	RCG	6-7				
RCG	8	MMM	8	DCI	8				
RCR	4ºAEI	BIP	4ºAEI	BIP	4ºAEI				
MMB	5ºAEI	RCR	5ºAEI	MMB	5ºAEI				
PGR	6ºAEI	PGR	6ºAEI	DBC	6ºAEI				
RCG		Todos		DCI					

11.-PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

PROGRAMACIÓN

Como norma xeral haberá unha reunión mensual.

TEMPORALIZACIÓN E COMPOÑENTES

Equipo de Ciclo: 3º martes de cada mes

Ed. Infantil

Batriz Iglesias Ponte
Mirian Miramontes Borrajo (coordinadora)
Paula García Reboredo
Rocío Candales Romeo

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA E DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Reúnese o 2º martes lectivo de mes.

Acordamos facer unha reunión conxunta dado que as persoas que forman parte dos dous órganos de coordinación coinciden en moitos dos seus compoñentes.

Directora
Xefa de Estudos
Coordinadora de 2º ciclo EI
Xefa Departamento de Orientación
Especialistas PT

Especialistas AL

Coordinadora do EDLG
Coordinadora Biblioteca
Representante 1º Ciclo EP
Representante 2º Ciclo EP
Representante 3º Ciclo EP

Mª Delfina Bañobre Durán
Rocio Candales Romeo
Mirian Miramontes Borrajo
Maruxa Villamor Fraiz
María Liste Piñeiro
Jonathan Guardado Gesto
Cristina Gómez Villaverde
Daniel Blanco Carpente
Lucía Boga Rico
Sara Arias García
Eva Álvarez Díaz
Adriana Casal Fernández
María del Pilar Junquera Colmeiro
Mª Eugenia Otero Dios

FUNCIONES

- Propoñer ao claustro criterios para a elaboración do Proxecto Educativo.
- Asegurar a coherencia entre o Proxecto Educativo, as Programacións Didácticas e a Programación Xeral Anual.
- Establecer as directrices xerais para o traballo dos equipos e ciclo.

EQUIPOS DOCENTES

BIBLIOTECA

COORDINADORA: Eva Álvarez Díaz

Eva Álvarez Díaz
Rocío Candales Romeo
Adriana Casal Fernández
Diego Cuiña Iglesias
Rosa María Conde García

EDLG**COORDINADORA: Sara Arias García**Sara Arias García
Luz García Alonso
Beatriz Iglesias Ponte
Pilar Junquera Colmeiro
María Liste Piñeiro**TIC****COORDINADOR ABALAR- Edixgal:****Rosa María Conde García****COORDINADOR Plan dixital:****Daniel Blanco Carpena**Daniel Blanco Carpena
Rosa M.^a Conde García
Eliás Fernández Ferreira
Miguel Millán Montero
M.^a Eugenia Otero Díos**EQUIPO DE DIRECCIÓN DO CENTRO**M^a Delfina Bañobre Durán, directora
M^a Rocio Candaes Romeo, xefa de estudos
Diego Cuiña Iglesias**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES :**

Unha por trimestre e cando sexa preciso para organizar un evento.

Coordinadora**Paula García Reboredo**

Claustro de profesorado

CONVIVENCIA**COORDINADORA****Maruxa Villamor Fraiz****EQUIPO DE DINAMIZACIÓN**M^a Delfina Bañobre Durán
Lucía Boga Rico
Jonathan Guardado Gesto
Mirian Miramontes Borrajo
Maruxa Villamor Fraiz

DATAS DE AVALIACIÓN		
AVALIACIÓNS	DATA REUNIÓN	DATA NOTIFICACIÓN
INICIAL	18 de outubro	
1. ^a AVALIACIÓN	13/12/22 EI e 1º C EP	22/12/22
	14/12/22 2º e 3º C de EP	
2. ^a AVALIACIÓN	21/03/23 2º e 3º C de EP	31/03/23
	22/03/23 EI e 1º C EP	
3. ^a AVALIACIÓN	13/06/23 EI e 1º C EP	21/06/23
	14/06/23 2º e 3º C de EP	

As notas de cada grupo deben estar cargadas en Xade antes das 12:00 do día previo ao da avaliación.

12.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN E/OU INNOVACIÓN EDUCATIVA

Este curso levarase a cabo un PFPP con tres liñas de actuación . Figura como anexo a esta PXA O resto do claustro realizará cursos de formación ofertados polo CAFI e outras institucións.

Participamos en nove contratos programa relacionados coa igualdade, a convivencia, a inclusión , ás emocións, a excelencia, a sostibilidade, a saúde , a calidade e a atención ao alumnado con dificultades educativas (PROA+).

Tamén participamos no plan PROXECTA nos Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD) .

13.- COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

Cederanse as instalacións do centro, co preceptivo permiso, a todas as entidades que o soliciten sempre que sexa para fins socio-educativos ou culturais.

Etablécense convenios e colaboracións con entidades do entorno para crear unha rede de apoio e axuda para atender ao alumnado e ás familias fóra do centro:

Cruz Vermella, Servizos Sociais, Secretariado Xitano, Biblioteca Anxo Casal, Centro Don Bosco, Proinfancia, Asemblea de Cooperación Pola Paz, Sete Portas, Museo do Pobo Galego

14.- ORGANIZACIÓN DOS OBRADOIROS

No 2º Trimestre imos poñer en marcha os obradoiros interidades en todos os ciclos. Terán lugar os martes entre ás 12:00 e as 14:00 para Educación Primaria e os venres para Educación Infantil.

No 1º Ciclo serán obradoiro de horta, obradoiro de refugallo e obradoiro de audiovisuais que estarán impartidos por Lucía Boga Rico, Maruxa Villamor Fraiz e Adriana Casal Fernández. Co alumnado de 1º e 2º de EP faranse tres grupos interidades e o criterio para facer os agrupamentos será pedagóxico repartindo entre os tres grupos de forma equilibrada o alumnado con NEAE e o número de nenas e nenos.

No 2º Ciclo son os mesmos obradoiros e estarán impartidos por Mª del Pilar Junquera Colmeiro Cristina Gómez Villaverde e Sara Arias García. Co alumnado de 3º e 4º de EP faranse tres grupos interidades e o criterio para facer os agrupamentos será pedagóxico repartindo entre os tres grupos de forma equilibrada o alumnado con NEAE e o número de nenas e nenos.

Tanto no 1º como no 2º Ciclo todo o alumnado pasará por todos os obradoiros

No 3º Ciclo serán máis obradoiros co que os grupos serán máis reducidos. Os talleres que se ofertarán seran os de : xogos e retos, escrita, relaxación, audiovisuais , xardinería, xadrez e

experimentos. Estarán impartidos por Elías Noel Fernández Ferreira, María Liste Piñeiro, Rosa M^a Conde García, Jonathan Gesto Guardado , M^a Delfina Bañobre Durán , Miguel Millán Mortero e M^a Eugenia Otero Dios .

Neste Ciclo o agrupamento do alumnado será por centros de interés e cada alumno realizará tres obradoiros diferentes

Decembro de 2022.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES CURSO 2022/23

ÍNDICE:

1. Marco introdutorio
2. Obxectivos xerais
3. Competencias básicas desenvolvidas
4. Actividades propostas
5. Temporalización das actividades programadas
6. Documento para a programación de actividades complementarias e extraescolares.

ANEXO

Actividades extraescolares programadas pola ANPA do Centro e a súa temporalización semanal.

1. MARCO INTRODUCTORIO:

A definición dos conceptos de actividades complementarias e extraescolares está recollido nos artigos 69 e 70 respectivamente, do devandito Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. Segundo o artigo 69, terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así, cabe consideralas visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes. Obviamente a relación das actividades citadas no artigo ten valor exemplificador e non constitúe un campo pechado para outras actividades que se estimen axeitadas.

Á composición deste Equipo refírese o apartado segundo do artigo 71 daquel texto regulamentario onde se indica que este equipo estará integrado polo seu xefe, e para cada actividade concreta, polos profesores que participen nela. A vista do anterior dedúcese que o devandito Equipo non ten unha composición fixa e pechada, senón que poden formar parte do mesmo todas as mestras e mestres que participen nas actividades concretas propostas.

Na selección de actividades cómpre ter presente varios aspectos socioeconómicos vencellados a nosa comunidade educativa. O Centro está emprazado xeograficamente nun barrio situado nunha zona alta e próxima á zona antiga da Cidade.

Por iso aproveitamos en gran medida as actividades que, de xeito gratuíto, nos ofrecen as institucións públicas e privadas para non pedir un desembolso económico ás familias dirixido a costear o prezo das entradas a escenarios privados.

Porén, a situación do Centro entre os parques da Almaciga e de Bonaval, a proximidade á zona antiga, aos museos do Pobo Galego, Centro Galego de Arte Contemporáneo, Teatro Principal e o

parque de Belvís outorgan ao Centro moitas posibilidades de aproveitamento didáctico dos recursos naturais e sociais da nosa cidade que soemos aproveitar.

2. Obxectivos xerais:

- 1.- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural.
- 2.- Coñecer e apreciar diferentes formas de representación e expresión artística.
- 3.- Coñecer e valorar a flora e a fauna galega e amosar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- 4.- Fomentar a educación viaria.

3. Competencias básicas desenvolvidas

Coas actividades complementarias e extraescolares, tamén contribuímos a desenvolver as competencias clave que recolle a LOE- LOMCE, LOMLOE

4. Previsión das actividades propostas

Como pauta xeral entendemos por actividades complementarias aquelas que se realizan dentro do horario lectivo e que teñen por finalidade complementar a actividade levada a cabo dentro da aula e a relación coas propostas dos equipos docentes e da comisión de coordinación pedagóxica, ademais das orientacións que corresponda ao claustro de mestres.

As *actividades extraescolares* son as que se realizan fóra do horario lectivo . Son as saídas que rematán máis tarde das 14:00 e a viaxe de fin de curso do alumnado de 6º de EP.

As actividades extraescolares realízanse fora do horario lectivo con carácter voluntario por parte do alumnado.

Cómpre sinalar que dado que a oferta gratuíta de actividades didácticas do Concello de Santiago e doutros organismos públicos e privados que se nos ofrece está moi espallada ao longo do curso, non é posible a estas alturas do comezo do curso coñecer e polo tanto, concretar as actividades que nos interesan. Constitúe unha excepción ao anteriormente exposto, por unha banda, as actividades vencelladas ás conmemoracións e por outra banda, a participación en festas que teñen grande arraigo na cidade ou mesmo na nosa Comunidade. Así, cómpre citar, entre outras, a festa do Magosto e do Samaín, en novembro, a festa de remate do primeiro trimestre, no mes do Nadal, a festa do Entroido, en febreiro, a festa dos Maios, a semana da prensa, etc.

De acordo co anteriormente exposto, neste momento non resulta posible concretar polo miúdo, na programación xeral anual, as actividades didácticas complementarias e extraescolares que imos desenvolver ao longo do curso 2022/2023. Non obstante ó anterior, o Equipo de ACE auspiciará a participación do profesorado nas seguintes actividades didácticas :

Saídas os parques de Bonaval, Belvís e da Almáciga, por parte do alumnado de Educación Infantil (EI) e de Educación Primaria (EP), para a observación das árbores e cores coincidindo coas estacións.

- Visita das nenas e nenos á Praza de abastos da cidade.

- Visita do alumnado ao Museo do Pobo Galego, Centro Galego de Arte Contemporánea outros museos da cidade.

- Asistencia de todos os ciclos aos *Concertos didácticos e representacións teatrais* programadas polo Concello no Auditorio de Galicia e Teatro Principal.

-Participación segundo sexa posible, no programa de educación e circulación viaria organizado polo Concello de Santiago, que terá lugar no Parque infantil de tráfico de Amio.

-Participación de 2º e 3º ciclo no Programa de Deporte Escolar promovido pola Deputación da Coruña na modalidade de campo a través.

Como temos moito alumnado de distintos países e culturas, pensamos en facer unhas xornadas de convivencia, para coñecer e respectar ditas culturas.

-Excursión de fin de curso dirixida ás alumnas e alumnos de infantil e primaria

-Todas aquelas saídas que polo seu interese didáctico as persoas titoras consideren oportunas.

Estas saídas- deberán ser comunicadas á xefatura de estudos, coa suficiente antelación (dous días antes como mínimo) para analizar a súa viabilidade e, caso de realizarse, organizar o centro.

Para a participación nas ACE, contaremos coa autorización das persoas responsables ou titoras legais. Para as realizadas pola contorna contamos cunha autorización para todo o curso.

As persoas que compoñen o equipo estamos abertas á colaboración coa ANPA , e con outras persoas achegadas ao alumndo.

Seguiremos con actividades que están abertas dende outros anos e a organización prevista é a seguinte:

ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS CURSO 22/23

1º TRIMESTRE

Samaín / Magosto: Outubro, data por concretar. Pendentes da situación sanitaria para celebrar toda a comunidade educativa.

Deberán participar todos os equipos.

A.C.E.:Coordina

EDNL: Concienciar sobre a tradición do Magosto e Samaín, ofrecendo material sobre a nosa tradición. Incidir na súa diferenza do Halloween. No Samaín non nos disfrazamos.

EquipoTics: Facilitar ao profesorado APPs e recursos dixitais para traballar o Samaín e o magosto. Tirar fotografías, gravar e montar o material gráfico que resulte da celebración.

Equipo de Biblioteca: Ambientación do centro con material do Samaín e do magosto.

Equipo de Convivencia: Organizar día do Peón e dinamizar dende a semana anterior actividades para aprender a xogar nos recreos.

Día internacional da infancia: 20 Novembro.

Equipo de Convivencia

Día en contra da violencia de xénero: 25 Novembro

Equipo de Biblioteca.

Día das persoas con diversidade funcional: 3 de Decembro

EDNL

Fin de trimestre/Nadal: Decembro, data por concretar. Pendentes da situación sanitaria para celebrar toda a comunidade educativa e elaborar propostas.

Deberán participar todos os equipos.

A.C.E.: Coordina

EDNL: Ambientación do centro con material sobre as tradicións galegas nesta época do ano.

EquipoTics: Facilitar ao profesorado APPs e recursos dixitais para traballar figuras e tradicións da nosa cultura. Tirar fotografías, gravar, montar e colgar o material gráfico que resulte da celebración.

Equipo de Biblioteca: Facilitar material ao profesorado para traballar o Nadal dende unha perspectiva histórica e científica.

Equipo de Convivencia: Ambientar en coordinación co EDNL o centro con material sobre os distintos xeitos de celebrar o nadal nos diferentes países dos que procede o noso alumnado.

2º TRIMESTRE

Día escolar da non violencia e a paz: 30 de Xaneiro

Equipo de Convivencia

Día da Candeloria: 2 de Febreiro. EDNL

Día de Rosalía : 23 de Febreiro. Equipo de biblioteca.

Entroido: 17 de Febreiro

Pendientes da situación sanitaria para facer o pasarúas e celebrar toda a comunidade educativa.

Participación no XX Encontro de Entroido Tradicional. Organización conxunta con CEIP Lamas de Abade, CEIP López Viondi, IES Lamas de Abade, CIFP Compostela e EEI Raiola.

Deberán participar todos os equipos.

A.C.E.: Coordina

EDNL: Decorar o centro con material alusivo aos entroidos tradicionais.

EquipoTics: Facilitar ao profesorado APPs e recursos dixitais para traballaro Entroido tradicional galego. Tirar fotografías, gravar, montar e colgar o material gráfico que resulte da celebración.

Equipo de Biblioteca: Elaborar material para dar a coñecer as peculiaridades do Entroido tradicional a traballar.

Equipo de Convivencia: Elaborar unha exposición dos xeitos de celebrar o entroido nos diferentes lugares dos que procede o noso alumnado.

Día internacional das mulleres: 8 de Marzo

Equipo de convivencia.

Semana da prensa: 7-11 de Marzo. Valorar enfoque conxunto.

EquipoTics.

Semana do libro: 18-22 Abril

Equipo de Biblioteca.

Fin de trimestre:Data por concretar. Pendentes da situación sanitaria para celebrar toda a comunidade educativa e elaborar propostas.

Deberán participar todos os equipos.

A.C.E.: Coordina

EDNL:

EquipoTics: Tirar fotografías, gravar, montar e colgar o material gráfico que resulte da celebración.

Equipo de Biblioteca:

Equipo de Convivencia:

O Equipo Tics deberá tirar fotografías, gravar, montar e colgar o material gráfico que resulte da celebración.

3º TRIMESTRE

1 de Maio: Traballo sobre a represión . Recoñecemento a unha persoa da comunidade represaliada.

Actividade para 5º e 6º, segundo as circunstancias tamén para 4º.

As titoras traballarán o tema, intentando que a persoa a recoñecer a propoña o alumnado.

Equipa directiva e ACE organizan o acto de recoñecemento.

Semana das Letras Galegas:10-16 Maio

EDNL

Os Maíos:Primeira semana de Maio.

Pendientes da situación sanitaria para implementar propostas, facer o pasarúas e celebrar toda a comunidade educativa.

Deberán participar todos os equipos.

A.C.E.: Coordina

EDNL: Distribuir material para traballar esta festividade entre o profesorado.

EquipoTics: Facilitar ao profesorado APPs e recursos dixitais para traballar os Maíos. Tirar fotografías, gravar, montar e colgar o material gráfico que resulte da celebración.

Equipo de Biblioteca: Decorar o centro con material relativo a esta festividade.

Equipo de Convivencia: Elaborar unha exposición dos xeitos de celebrar a primavera nos diferentes lugares dos que procede o noso alumnado.

Celebración fin de curso: Última semana lectiva de xuño.

Pendientes da situación sanitaria para implementar propostas,e celebrar toda a comunidade educativa.

Deberán participar todos os equipos.

A.C.E.: Coordina

PLAN DE ORIENTACIÓN

CEIP APÓSTOLO SANTIAGO

Curso académico 2022 / 2023

Departamento de Orientación

Táboa de contidos


1. Introducción.....	2
2. Normativa e procedementos de referencia.....	4
3. Contextualización.....	7
4. Avaliación de necesidades.....	8
5. Composición do departamento de orientación.....	10
6. Competencias clave.....	10
7. Obxectivos.....	11
7.1 Obxectivos referidos ao centro.....	11
7.2. Obxectivos referidos ao profesorado.....	11
7.3. Obxectivos referidos ao alumnado.....	12
7.4. Obxectivos referidos ás familias.....	13
7.5. Obxectivos referidos á colaboración con servizos e institucións externos.....	13
8. Planificación xeral e accións prioritarias.....	14
8.1. Estratexias de intervención.....	14
8.2. Accións prioritarias.....	14
8.3. Concreción do Plan de Orientación.....	15
8.3.1.PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	17
8.3.2. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	27
8.3.3. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA.....	33
9. Temporalización.....	37
10. Horario da xefatura do departamento de orientación.....	39
11. Avaliación do plan.....	39
ANEXO I.....	ii
PLANS DE APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:	ii
ANEXO II.....	lxiv
PLANS DE APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE	lxiv

- **Introdución.**

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece como principios e fins aos que debe atender a actividade educativa, a orientación

educativa e profesional. O que vén a poñer de manifesto que a orientación se considera como un dereito e como un principio, así como parte da actividade educativa do profesorado.

A actual estrutura organizativa da orientación en Galicia recolle a actuación coordinada de distintos servizos de orientación, configurándose atendendo aos seguintes niveis:




Entre os principios da orientación educativa partimos dunha orientación continua, que abrangue toda a escolaridade do alumnado; e proactiva, na que o suxeito se considera como axente activo do seu propio proceso de orientación.

Polo tanto, a orientación é unha labor de todo o equipo docente e por extensión á comunidade educativa, sendo o departamento un dinamizador deste proceso. A actividade orientadora debe ser tamén unha actuación planificada a nivel de centro, que logo será concretada a nivel de aula e individual, onde se especifiquen actividades, programas, recursos (persoais, materiais e organizativos, tempos e espazos).

Que sexa unha actividade compartida implica necesariamente a coordinación dos tres niveis sinalados anteriormente, destacando os distintos órganos de coordinación docente do centro, como son os equipos de ciclo e nivel, titorías, DO, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. De igual xeito, polas características do centro,

cómpre destacar a coordinación con outras entidades externas como os Servizos Sociais e entidades de iniciativa social.

Recollendo as achegas de autoras e autores como Jesús Palacios, Alfredo Bisquerra, Coral Elizondo, Félix López ou Beatriz Trueba, o modelo de orientación caracterizarase polos seguintes principios:



⇒ O logro das capacidades expresadas nos obxectivos das distintas etapas educativas, e á adquisición por parte do alumnado das competencias básicas.

⇒ A coordinación e traballo en rede da comunidade educativa.

A aplicación do plan terá lugar durante o vixente curso, seguindo as directrices establecidas pola C.C.P. e tomando como referencia as necesidades detectadas no centro, as accións prioritarias sinaladas na circular 10/2010, e o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

Desenvolverase para un curso escolar, formará parte da Programación Xeral Anual, contribuíndo a desenvolver os obxectivos establecidos nela, e estará sometido a un proceso de avaliación continua.

- **Normativa e procedementos de referencia.**

Para a elaboración deste documento atenderase á normativa vixente en materia educativa e de orientación, salientando as seguintes normas:

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- o Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- o Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- o Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Centros de Educación Primaria.
- o Orde do 22 de xullo de 1997, que desenvolve o Decreto anterior.
- o Decreto 120/1998, polo que se regula a Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- o Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional en Galicia.
- o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da C.A. de Galicia.

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

o Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma no curso 2003-2004.

o Circular nº 20/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2005-2006.

o Circular nº 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.

o Circular nº 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

o Circular nº 10/2010 da Dirección Xeral de educación, formación do profesorado e innovación educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia.

Así mesmo, as intervencións desenvolveranse atendendo aos seguintes protocolos publicados pola Administración.

o Protocolo de Tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista.

- o Protocolo de consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- o Procedemento corrector de condutas.
- o Protocolo educativo para o control do Absentismo Escolar en Galicia.
- o Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- o Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- o Protocolo de Urxencias Sanitarias.
- o Protocolo de Atención educativa domiciliaria.
- o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero
- o Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- o Protocolo de protección de datos.
- o Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- o Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

3. Contextualización.

O CEIP Apóstolo Santiago é un centro dependente da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, que conta con xornada en sesión única de mañá, en horario de 09.00h a 14.00h.

Dadas as súas características xeográficas e sociais, centro da cidade compostelá, pode incluírse na categoría de centro urbano cun entorno socioeconómico e cultural medio-baixo, no cal se escolariza alumnado de procedencia diversa que en moitos casos é matriculado xa iniciado o curso.

Así é todo tamén é significativa a escolarización de alumnado de etnia xitana, alumnado procedente do estranxeiro, e o número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (gran índice de casos con desfases curriculares e de medidas excepcionais como a repetición) e adscrito aos Servizos Sociais.

Cómpre destacar, tamén, a mobilidade do alumnado e a itinerancia do persoal docente.

4. Avaliación de necesidades.

Atendendo ás casuísticas que se presentan no centro, destacamos as seguintes necesidades educativas:

PRINCIPAIS NECESIDADES EDUCATIVAS		
Curso	Dificultades a atender	Recursos persoais
Educación Infantil	<ul style="list-style-type: none">• Dificultades na fala e na linguaxe.• Dislalias e problemas relacionados coa linguaxe.• Atraso madurativo	Especialista de A.L Apoio de aula.

<p>Educación Primaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Atraso madurativo. ▫ Dificultades na fala e na linguaxe, dislalias. ▫ Rotacismos ▫ Dificultades a nivel curricular. ▫ Dificultades a nivel condutual. ▫ Altas capacidades. ▫ Dificultades na adquisición das linguas oficiais. ▫ TDAH ▫ TEA ▫ Dificultades na adquisición do proceso lectoescritor. ▫ Dificultades a nivel curricular de alumnado repetidor. ▫ Desfase curricular. ▫ Dificultades en habilidades sociais. 	<p>Especialista de A.L Especialista de P.T Apoio de aula. Intervención dentro da aula.</p>
----------------------------------	---	--

Tendo en conta os datos do curso anterior, valoramos que haberá en torno a 50 alumnas e alumnos que necesitarán diferentes tipos de apoio e recursos especializados.

5. Composición do departamento de orientación.

Para o presente curso 2022/2023, e de acordo ao establecido no Decreto 120/1998 do 23 de abril, no seu artigo 4, o Departamento de Orientación do CEIP Apóstolo Santiago queda constituído co seguinte persoal docente:

Xefatura do Departamento	Maruxa Villamor Fraiz.
Especialistas en Pedagogía Terapéutica	<p>María Liste Piñeiro.</p> <p>Jonathan Guardado Gesto.</p>

Especialistas en Audición e Linguaxe	Daniel Blanco Carpente. Lucía Boga Rico (compartida).
Coordinacións de Educación Infantil:	Miriam Miramontes Borrajo.
Coordinacións de Educación Primaria:	1º ciclo: Adriana Casal Fernández 2º ciclo: M ^a del Pilar Junquera Colmeiro 3º ciclo: M ^a Luz García Alonso

6. Competencias clave.

Atendendo á normativa vixente, as intervencións desenvolveranse dende un enfoque competencial caracterizado pola súa transversalidade, o seu dinamismo e carácter integrador, dándolle cabida a todas as competencias do currículo e asegurando o seu desenvolvemento.

7. Obxectivos.

7.1 Obxectivos referidos ao centro.

- o Prestar apoio ao desenvolvemento do proxecto pedagóxico do centro dende a perspectiva da orientación educativa e da atención á diversidade, e a elaboración e revisión dos documentos normativos do centro.
- o Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado, analizando os posibles cambios que se deban.
- o Estudar as necesidades de material específico de Orientación e do material de apoio á diversidade.
- o Analizar as conclusións sobre os resultados das medidas de atención á diversidade postas en marcha no centro.

- o Organizar os apoios ao alumnado con N.E.A.E.
- o Optimizar os recursos humanos e materiais de que dispoña o Centro, tendo en conta as novas necesidades educativas especiais.
- o Coordinar os distintos organismos que contribúan a mellorar a labor orientadora.
- o Colaborar na elaboración, posta en práctica e avaliación do Plan de Convivencia.
- o Elaborar o Plan Xeral de Atención á Diversidade e a súa concreción anual.

7.2. Obxectivos referidos ao profesorado.

- o Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con N.E.A.E concretando pautas de intervención.
- o Valorar as medidas de atención á diversidade, concretando pautas de intervención cando se considere necesario.
- o Diseñar accións para a detección temperá de alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo e colaborar no deseño de materiais e na realización de actividades para este alumnado.
- o Contribuír ao proceso de avaliación de cada grupo.
- o Asesorar aos titores/as e ao profesorado en xeral na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade, proponendo as oportunas modificacións cando sexa necesario.
- o Colaborar, sempre que o precisen, co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización.
- o Asesorar aos equipos docentes en temas de avaliación, promoción e permanencia no mesmo curso.

7.3. Obxectivos referidos ao alumnado.

- o Realizar as avaliacións psicopedagóxicas axustadas á normativa vixente.
- o Coñecer o rendemento académico do alumnado en comparación coa súa capacidade.
- o Facilitarlle ao alumnado a toma de decisións para afrontar os momentos escolares, como é o paso á Educación Secundaria Obrigatoria.
- o Adoptar medidas de atención á diversidade que favorezan a integración do novo alumnado e as interaccións persoais axeitadas, de cara a favorecer un desenvolvemento integral de aceptación das diferenzas individuais e sociais.
- o Potenciar a convivencia no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos, participativos e integradores das diferenzas tanto individuais como culturais, sociais...

7.4. Obxectivos referidos ás familias.

- o Cooperar na relación titorías-familia
- o Informar e asesorar ás familias do alumnado con N.E.A.E
- o Fomentar a participación das familias en actividades programadas dende o Centro (aula, biblioteca,...).
- o Promover, en colaboración co persoal titor, actividades informativas individuais e colectivas que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos marcados, especialmente no relativo á motivación, a construción do autoconcepto e da autoestima, nas habilidades sociais, na resolución de conflitos, nos hábitos de saúde, de estudio, no proceso de toma de decisións e en xeral naqueles programas ou temas que se estean desenvolvendo no Centro ou na aula e que requiran colaboración familiar.

7.5. Obxectivos referidos á colaboración con servizos e institucións externas.

- o Solicitar asesoramento do Equipo de Orientación Específico.

- o Colaborar cos Servizos Sociais do Concello.
- o Establecer canles de comunicación con entidades que poidan axudar a mellorar integración do alumnado con NEAE.
- o Asistir a reunións convocadas polo IES de referencia.

8. Planificación xeral e accións prioritarias.

8.1. Estratexias de intervención.

As estratexias de intervención que se propoñen dende o Departamento de Orientación, son:

- ⇒ Integrar o plan de orientación na actividade xeral do centro, afondando na coordinación entre o profesorado e o departamento.
- ⇒ Intervir sen aplicación de medidas extraordinarias salvo en casos extremos, tomando como referencia o principio de inclusión.
- ⇒ Promover actuacións preventivas e recuperadoras se son precisas.
- ⇒ Traballar en coordinación co equipo directivo.

8.2. Accións prioritarias.

Segundo a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, este Departamento priorizará, dentro do seu marco de funcións e organización, as seguintes liñas de actuación:

1. Actuacións que teñan como obxecto a atención a toda a diversidade presente no Centro educativo e, en particular ao que se refire ao alumnado con necesidades de apoio educativo, a través da:

- o Identificación temperá de NEAE.

- o Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou inclusión no sistema educativo, especialmente daquel con necesidades educativas especiais e/ou de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- o Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais do Centro, no que se refire aos apoios mencionados no punto anterior, de cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- o Asesoramento aos equipos de ciclo para que se contemplen nas respectivas programacións distintos niveis de dificultade que dean resposta á diversidade presente nas aulas.
- o Manter a coordinación co IES ao que estamos adscritos.

2. Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, en especial o asesoramento referido a:

- o A colaboración cos equipos de ciclo no deseño e implementación de medidas que favorezan o desenvolvemento persoal, social e cognitivo de todo o alumnado, prevendo apoio.
- o A promoción dunha integración intercultural e o establecemento de plans de acollida do alumnado, especialmente cando este proceda do estranxeiro.
- o Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima e a resolución pacífica de conflitos.

3. Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural.

4. Realizaranse e tramitaranse dende este Departamento os ditames de escolarización que se consideren pertinentes, seguindo a lexislación vixente, e colaborarase co EOE da provincia da Coruña cando se considere precisa a súa intervención.

8.3. Concreción do Plan de Orientación.

O Plan de Orientación concrétase a través de tres plans de actuación, que serán as tres grandes accións do mesmo:

- Plan de Acción Titorial.
- Plan Xeral de Atención a Diversidade.
- Plan de Orientación Académica

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

8.3.1.PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

O P.A.T. é un documento que regula as actividades de orientación e tutoría levadas a cabo polos profesores en xeral e tutores en particular. Elaborado polo DO en colaboración cos tutores/as e coordinados pola Xefa de estudos. En función das necesidades detectadas previamente, elaboramos a seguinte PROPOSTA:

1. ACCIÓNS DE REALIZACIÓN PUNTUAL.

1.1 Obxectivos.

- o Velar polo proceso de adaptación do alumnado ó Centro prestando especial atención ao alumnado procedente do estranxeiro.
- o Favorecer o proceso de adaptación do grupo de alumnado ao inicio da escolaridade.
- o Favorecer a participación das familias.
- o Informar ás familias do proceso escolar dos seus fillos e fillas

1.2 Recursos organizativos e actividades.

- o Actividades encamiñadas a favorecer o proceso de adaptación, xornada de acollida (visita á escola, entrevista coa familia, reunión colectiva de pais...).
- o Actividades para favorecer a relación e integración do grupo.
- o Avaliación inicial (historial familiar, observación sistemática).
- o Coordinación do equipo de profesorado que incidan no grupo

- o Reunións xerais de familias e entrevistas individuais
- o Rexistro das reunións.
- o Información escrita (convocatorias, comunicados,...).
- o Informe trimestral de cualificacións

1.3 Ámbito de intervención.

- Familias do alumnado.
- Grupo de alumnado.
- Titorías.

1.4 Intervencións.

- o De realización puntual para as actividades de inicio da escolaridade e ordinaria durante a mesma.
- o Acolida puntual para o alumnado que se incorpora ó longo do curso.
- o A principio de curso e cando se considere oportuno.

2. ACCIÓNS DE REALIZACIÓN ORDINARIA E/OU PUNTUAL

2.1 Obxectivos.

- o Potenciar a participación do alumnado na propia dinámica de traballo e na organización da aula.
- o Potenciar unha dinámica de grupo positiva que favoreza a interacción e a convivencia.

2.2 Recursos organizativos e actividades.

- o A programación de aula.
- o A organización do grupo (cargos, traballo de grupo, normas de clase, disciplina, agrupamentos).
- o Apoios. Grupos de reforzo educativo.
- o Crear e desenvolver hábitos básicos: limpeza, orde, convivencia, participación, responsabilidade, autonomía.
- o Actividades grupais tratando de respectar as normas de comunicación.
- o Actividades nas que poidamos motivalos e reforzalos para que colaboren no funcionamento da clase, do centro e incluso da súa casa. (Elaboración, discusión e acordo das normas de aula)
- o Axudar ós seus compañeiros. (grupos cooperativos)
- o Participar na decoración da aula e do centro, para crear un ambiente acolledor e agradable, que facilite unha aprendizaxe grata e estimulante.
- o Realizar saídas para coñecer, analizar e valorar o barrio e a cidade, contribuíndo a crear actitudes de respecto ó seu contorno.
- o Participar na conmemoración de festas programadas polo Centro (Magosto, Entroido, Letras Galegas, Día da Paz,...).
- o Observación sistemática.
- o Entrevista persoal.

- o Contacto coas familias co fin de potenciar estratexias de actuación conxunta.
- o Coordinación cos demais titores a través do D.O. para recoller información sobre os alumnos con n.e.a.e e programar estratexias de traballo.
- o Traballo con grupos flexibles segundo as características das tarefas ou do alumnado.
- o Favorecer a aceptación das diferenzas individuais que presenta cada escolar polos demais, así como facilitar e canalizar a integración no grupo e Centro dos nenos/as que presentan problemas, por dificultades de aprendizaxe ou por limitacións aptitudinais.
- o Atender de forma individualizada ó alumnado con necesidades educativas especiais, e afrontar as AC's que necesiten co asesoramento do orientador/a do Centro.
- o Responsabilizarse do desenvolvemento de programas de reforzo, así como da elaboración de materiais idóneos para acadalos obxectivos propostos.
- o Facilitar a progresiva adquisición de técnicas de aprendizaxe e de traballo intelectual.
- o Cooperar no desenvolvemento persoal do alumnado
- o Recoller a documentación do alumnado prescrita pola normativa vixente e a establecida no P.E.
- o Potenciar a relación familia – escola no proceso educativo do alumnado.
- o Intercambiar información mestre – familias sobre o progreso do alumnado.
- o Todo tipo de tarefas que axuden a acadala integración de calquera tipo de alumnos, independentemente dos problemas ou dificultades que presenten. Coordinar a recollida e/ou elaboración de materiais específicos de reforzo

- o Técnicas de captación de información, lectura, escritura, información oral, toma de apuntes, elaboración de fichas, técnica de subliñado, resumes, esquemas,...
- o Programas que favorezan o razoamento lóxico e matemático.
- o Actividades que axuden a fomentar actitudes participativas.
- o Observación de condutas emocionais.
- o Actividades que axuden a desenvolver a autoestima.
- o Programas de habilidades sociais
- o Contactos cos pais co fin de requirir información sobre determinadas condutas e organizar estratexias de actuación conxunta.
- o Convivencia cos demais. Conduta.
- o Instrumentos oficiais de rexistro e seguimento e os establecidos na lexislación
- o Datos do arquivo do alumnado.
- o Resultados da avaliación.
- o Datos de entrevistas e reunións cos pais.
- o Datos do arquivo do alumnado.
- o Informes escritos.
- o Revisión periódica dos traballos do alumnado.

- o Informacións puntuais (notas informativas, chamadas telefónicas, notas nos traballos do alumnado...).

2.3 Ámbito de intervención.

- o Equipo de profesorado.
- o Grupo de alumnado.
- o O Centro.
- o Familias do alumnado.

2.4 Intervencións.

- o De realización ordinaria e sistemática e/ou puntual.
- o De realización ordinaria e puntual.

3. ACCIÓNS DE REALIZACIÓN CONTINUADA E SISTEMÁTICA.

3.1 Obxectivos.

- o Coñecer, analizar e avaliar as capacidades do alumnado.
- o Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar do alumnado.
- o Valora-las características e necesidades do grupo de alumnado.
- o Realizar un seguimento do proceso escolar do grupo.
- o Coordina-la intervención educativa do equipo de ciclo cara ó grupo de alumnado.

- o Coordina-lo proceso de avaliación dos seus alumnos, así como asesorar e orientar sobre a súa promoción de nivel.
- o Velar pola adecuación, gradación e secuenciación dos criterios de avaliación.
- o Velar polo carácter formativo da avaliación.

3.2 Recursos organizativos e actividades.

- o Instrumentos de avaliación.
- o Coordinación das reunións de avaliación.
- o Arquivo do alumno.
- o Entrevista cos pais.
- o Entrevistas individuais co alumnado.
- o Caderno do Profesor:
- o Pautas e modelos de observación.
- o Instrumentos de rexistro e seguimento.
- o Actividades de participación.
- o Programación de aula.
- o Actas reunións

- o Reunións de coordinación do proceso avaliador que deben levar a cabo o profesorado do grupo e do ciclo establecendo uns criterios de homoxeneización.
- o Estratexias de autoavaliación.
- o Recollida permanente de información co fin de garantir a avaliación continua.
- o Participar na elaboración dos criterios de promoción.

3.3. Ámbito de intervención.

- o O alumnado.
- o As familias
- o O equipo de mestres.
- o A/O orientadora/orientador

4. ORGANIZACIÓN.

Os titores/as atenderán de forma individualizada ás familias no horario que se estableza na Programación Xeral Anual e que se lles comunicará ó inicio de cada curso académico. A iniciativa da entrevista poderá partir tanto da familia como do propio titor/a.

Estes contactos terán como obxectivo a potenciación das estratexias de actuación conxunta como as seguintes:

- o Estimular a motivación e o interese.
- o Construír un autoconcepto e unha autoestima axeitadas.

- o Adquirir hábitos de hixiene e autonomía.
- o Desenvolver a motricidade e a linguaxe.
- o Facilitar as relacións interpersoais.

Os titores/as de cada nivel, manterán outras, coa periodicidade que se precise, co orientador/a para a coordinación de programas, reelaboración de materiais, adaptación da programación á realidade concreta de cada grupo.

5. RECURSOS

Material específico de titorías: material editado e de elaboración propia; rexistros de control e valoracións; rexistros anecdotarios; guións de entrevistas; medios dixitais.

6. TEMPORALIZACIÓN NO CURSO ACADÉMICO.

- o 1 reunión xeral coas familias, en setembro ou outubro.
- o 1 hora semanal para entrevistas coas familias, fixada na P.X.A.

7. AVALIACIÓN.

A avaliación global do P.A.T. constará de:

- o Unha síntese de tódolos datos de avaliación recollidos ó longo do curso.
- o A avaliación explícita de tódolos aspectos do P.A.T.

A avaliación global do P.A.T. tendo en conta:

- o As necesidades que vaian aparecendo.
- o As expectativas do equipo de profesorado.
- o As necesidades do alumnado ligadas ó contexto e ás súas situacións persoais.

O presente P.A.T. ao igual que o resto de Programas e Proxectos do Centro, será aberto e flexible para recoller os distintos cambios que se produzan, e caracterizarase por:

- o Facilitar a integración e participación do alumnado no seu grupo e no Centro.
- o Coñecer as características persoais, familiares, e escolares do alumnado
- o Previr e detectar dificultades de aprendizaxe.
- o Favorecer o proceso vocacional de todos os alumnos/as de forma diversificada en función de os distintos niveis e etapas educativas.
- o Fomentar hábitos e técnicas de estudo e de traballo intelectual.
- o Favorecer a formación de actitudes democráticas e participativas que favorezan a convivencia a través da Educación en Valores,
- o Contribuír ao desenvolvemento de habilidades sociais axeitadas.
- o Favorecer o desenvolvemento integral, a través da inclusión de temas transversais de interese para o alumno/a: educación para a saúde, educación para a igualdade entre sexos, educación intercultural.
- o Establecer a coordinación entre os membros do equipo docente.
- o Coordinar o proceso de avaliación e promoción dos alumnos/as.

- o Participar nas sesións de avaliación.
- o Implicar ás familias nas actividades de apoio e orientación dos seus fillos/as.
- o Informar ás familias sobre o proceso educativos dos seus fillos.
- o Favorecer a acollida dos alumnos/as de nova incorporación. Estableceranse directrices concretas a través do Plan de Acollida e Plan de Convivencia do centro.

8. ACTIVIDADES DO P.A.T.

As actividades propostas van dirixidas a alumnado e familias. Son actividades xerais que deberán concretarse nas distintas etapas educativas e contextualizalas nos diferentes grupos-clase

9. METODOLOXIA DO P.A.T.

En canto á metodoloxía, preténdese que sexa activa, empregando múltiples instrumentos e técnicas adaptadas ás necesidades dos alumnos/as.

No caso das actividades programadas para nis/pais, contamos cunha hora de atención semanal ás familias por parte do persoal titor e actuacións por parte do persoal de orientación (entrevistas, reunións..).

No caso do alumnado que precise a intervención da orientadora, ou a petición das familias, as reunións realizaranse preferentemente, e cando o horario o permita, de forma conxunta coa presenza do persoal titor para facilitar así a transmisión de información e facilitar a coordinación/colaboración entre os axentes implicados no proceso educativo.

10. COORDINACIÓN DO P.A.T.

- o Atención ao alumnado na hora do recreo.

- o Xuntanzas de coordinación.
- o Asesoramento ao profesorado.

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

8.3.2. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A configuración do Plan Xeral de Atención á Diversidade parte do concepto da necesidade educativa como un continuo que abarca dende as medidas máis ordinarias ás máis extraordinarias, e dentro sempre dos marcos educativos ordinarios. Deberá cumprir c os principios de normalización, inclusión e non discriminación, que recolle a normativa vixente.

Atendendo ao estipulado na LOMLOE e na Orde do 8 de setembro de 2021 xa mencionadas, enténdese por alumnado con **Necesidades Específicas de Apoio Educativo** enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo, *aquel que requira dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.*

Tamén recolle que o alumnado que presenta **necesidades educativas especiais** é aquel que *afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.*

Partindo deste contexto normativo e da realidade do centro educativo, establécense os seguintes obxectivos:

1. OBXECTIVOS.

- o Contribuír a adquisición por parte dos alumnos/as das competencias básicas
- o Diseñar e desenvolver medidas destinadas á prevención e detección temperá de dificultades de aprendizaxe.

- o Informar e asesorar sobre as medidas a desenvolver no noso centro.
- o Axustar a resposta educativa ás necesidades dos alumnos, mediante as oportunas adaptacións do currículo a nivel de centro, aula e alumno considerado individualmente.
- o Sensibilizar e implicar á comunidade educativa na posta en marcha das devanditas medidas.
- o Poñer en marcha a aula específica e levar un seguimento das actuacións a realizar na mesma.
- o Canalizar as intervencións de axentes externos como pode ser o Equipo de Orientación Específico.
- o Informar aos pais sobre as medidas de atención á diversidade a levar a cabo cos seus fillos e solicitar a súa imprescindible colaboración

2. CONTIDOS.

- o Medidas preventivas: son medidas que preveñen e detectan de forma temperá as dificultades de aprendizaxe. Dirixidas a toda a poboación escolar. Actúan sobre os factores de risco. Prevención Primaria.
- o Medidas ordinarias: conxunto de decisións dentro do currículo ordinario que permiten responder ás dificultades do alumnado.
- o Medidas extraordinarias. Medidas de carácter excepcional que implican a modificación significativa do currículo.

3. MEDIDAS.

a) MEDIDAS PREVENTIVAS:

- o Proxecto Educativo de Centro: Revisar en que grao responde á diversidade do noso alumnado e adecualo a nova realidade legislativa.

- o **Avaliación inicial:** como medida para previr e detectar de forma temperá dificultades de aprendizaxe. Realizada polo titor en colaboración co DO, onde se determinarán as medidas de reforzo ou de atención específica para as necesidades detectadas
- o **Programa de prevención de Dificultades de Aprendizaxe:** traballo das instrumentais básicas, dos hábitos e técnicas de estudo e das técnicas de traballo intelectual. Motivación do alumnado.
- o **Programa de prevención de A.L.** Destinado preferentemente ao alumnado de E.I. para estimular a linguaxe oral. Por falta de horario da especialista, realizarase como proposta o proporcionar actividades ou estratexias dos P.E.L.O as mestras titoras.
- o **Aplicación colectiva de probas estandarizadas.** Destinado a detección de necesidades no alumnado, e como medida de revisión/modificación/establecemento de apoios. Deste xeito, trala avaliación do nivel curricular do alumnado primeiramente nos cursos de 2º,4º ,6º e posteriormente nos cursos de 1º,3º e 5º e en función dos resultados acadados, poderemos poñer en práctica medidas de prevención.
- o **Elaboración dun Protocolo de Acollida e procedemento para o alumnado procedente do estranxeiro,** para facilitar a integración do alumnado establecendo dende o inicio da súa escolarización cal é o seu grupo de referencia e a través da correspondente avaliación (curricular e mediante probas estandarizadas)

b) **MEDIDAS ORDINARIAS:**

- o **Reforzo Educativo:** medida que afecta aos elementos non prescritivos do currículo. Esta medida será aplicada ao alumnado que o profesorado considere, despois de informar á familia. Levarao a cabo o persoal titor xunto co apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria.
- o **PROA:** coa solicitude do programa, pretendemos achegar as familias e o alumnado que o precise, unha oportunidade que lles permita potenciar o aprendizaxe e o rendemento escolar así como previr o abandono educativo temperá. Esta iniciativa está destinada ao alumnado que curse 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e será posto en marcha durante o horario lectivo.

o Programa de habilidades sociais: estreitamente vinculado o desenvolvemento do PAT e referenciado no mesmo. Para o deseño do programa e para a súa previa elaboración adaptado ás necesidades, dende o Departamento de Orientación facilitaranse técnicas sociométricas o titor/a para ser realizadas polo alumnado no momento que en que o propio titor considere máis axeitado. En función dos resultados acadados e coa colaboración do profesorado titor, planificarse e aplicarase a intervención ou programa.

o Obradoiros de enriquecemento curricular: durante o curso escolar programaranse diversos obradoiros temáticos que teñen como finalidade a adquisición de competencias e habilidades entre o alumnado, ofrecendo novas oportunidades de enriquecemento curricular.

c) MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

o Adaptación Curricular: medida que afecta aos elementos prescritivos do currículo como obxectivos, contidos, criterios de avaliación. Aspectos a ter en conta: criterios para a avaliación psicopedagóxica, seguimento, duración, criterios de avaliación e promoción. Protocolo de actuación para a elaboración de ACS.

▫ Flexibilización da duración do período de escolarización.

o Intervencións específicas de apoio por parte do profesorado de PT/AL. Serán deseñadas polo DO en colaboración cos titor/as. Desenvolveranse preferentemente dentro da aula ordinaria salvo excepcións nas que sexa necesario traballar as dificultades e necesidades do alumno/a dunha forma máis específica, directa e efectiva. É preciso fixar tempos e espazos para a coordinación entre o PT e a AL e o equipo docente.

o Agrupamentos flexibles: en función das necesidades detectadas ao longo dos trimestres e, trala análise das avaliacións e os seus correspondentes resultados, valorarase a proposta desta medida extraordinaria para contar coa coordinación e dispoñibilidade de todo o profesorado para a realizar unha rendabilización dos recursos e do reforzo educativo ordinario.

▫ Atención educativa ao alumnado que presente dificultades para unha asistencia continuada ao centro docente, no caso de que teña lugar esta circunstancia.

▫ Atención educativa hospitalaria, no caso de o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día.

- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes
 - Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
 - Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
 - Grupos de adquisición de linguas.
- o Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

O departamento conta con distintos modelos para solicitar e autorizar a intervención por parte do persoal do Departamento de Orientación. Os documentos están a disposición do profesorado. Haberá un modelo de solicitude de intervención para realizar a avaliación psicopedagóxica para Educación Infantil e para a etapa de Educación Primaria.

4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Detectar as necesidades e iniciar a actuación mediante a posta en marcha de medidas ordinarias de atención á diversidade.

Se as dificultades persisten, titores/as ou equipo docente realizarán una avaliación educativa máis exhaustiva, dependendo do caso: coordinación entre eles para sumar información, entrevista coa familia, consulta do expediente do alumno/a, coordinación co titor/a anterior (de selo caso), titor/a anterior, etc. Tras esta avaliación valorarase a posta en marcha de novas medidas ordinarias de atención á diversidade. No caso de que as dificultades persistan, cumprimentase a demanda de avaliación psicopedagóxica do equipo de orientación específico, mediante protocolo.

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA

8.3.3. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA.

1. OBXECTIVOS.

En relación co alumnado:

- o Favorecer o coñecemento de si mesmo (aptitudes, intereses, preferencias....).
- o Coñecer as súas posibilidades a nivel persoal, académico, familiar, do seu propio entorno.
- o Aprender a tomar decisións de forma responsable e autónoma.
- o Adquirir técnicas de busca activa de información
- o Coñecer a oferta académica e formativa formal e informal.
- o Coñecer o mundo laboral (posibilidades do seu ámbito máis próximo)
- o Capacitar para a autororientación.
- o Contribuír á igualdade de oportunidades, erradicando a discriminación no acceso á oferta formativa e laboral por cuestións de xénero.

En relación coas familias:

- o Implicar as familias en actividades de orientación realizadas no centro e na toma de decisións dos seus fillos/as.
- o Informar as familias sobre as posibilidades formativas que teñen os seus fillos/as (saídas, optativas, itinerarios educativos,)

En relación co profesorado.

- o Facilitar o tránsito de Educación Primaria a Secundaria.
- o Implicar aos profesores nas tarefas de orientación profesional.

En relación a outras institucións:

- o Colaborar co especialista de orientación vocacional do E.O.E.
- o Colaborar co Concello, institucións de ámbito laboral, etc.

2. CONTIDOS.

- o Conceptuais: Coñecemento de si mesmo; coñecemento do sistema educativo; coñecemento do mundo laboral; toma de decisións.
- o Procedimentais; estratexias de busca activa de información; habilidades na toma de decisións.
- o Actitudinais: actitude reflexiva, planificadora, autorresponsabilidade na toma de decisións.

3. METODOLOXÍA.

De forma xeral, as actividades propostas serán traballadas nas horas de titoría presencial con alumnos; hora de atención a pais; a través de actividades extraescolares (visitas, saídas); a través das áreas, e accións puntuais por parte do orientador e/ou titor.

- o Sesións informativas no grupo e entrevistas informativas individuais
- o Saídas académicas e profesionais.

- o Entrega de folletos, guías.
- o Atención aos alumnos/as na hora do recreo
- o Reunión cos persoal titor.
- o Charlas e/ou conferencias

4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

As actuacións do Departamento de Orientación intentarán implicar tanto a toda a comunidade educativa como aos servizos do entorno, con actuacións globais que repercutan en todo o proceso educativo.

As devanditas actuacións basearanse en dous modelos de intervención:

- o Un modelo de programas que responde a uns obxectivos previamente establecidos e que parte dunhas necesidades detectadas.
- o Un modelo de consulta colaborativa, que se utiliza para dar resposta ás demandas manifestadas, coa intención de establecer un contexto de colaboración entre consultor e consultante, co obxecto traballar na elaboración dun programa onde todos se sintan implicados.

5. RECURSOS

o Persoais: Compoñentes do Claustro e Consello Escolar, equipo docente como grupo e o profesorado como individuos, coordinadores de ciclo e profesores en xeral, os compoñentes do DO, as familias, representantes da ANPA do centro, o alumnado. Externos ao centro: a Inspección Educativa, o E.O.E., os Servizos Sociais, servizos de saúde, gabinetes privados, RAOGAL, e asociacións e institucións coas que colaboramos.

- o Espaciais: Contamos cun despacho para a persoa orientadora, e aulas específicas equipadas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

- o Materiais: Documentación do centro (PE, documentos de concreción curricular, PXA, PXAD, Plan de convivencia...) lexislación coas disposicións vixentes na nosa comunidade autónoma, probas psicopedagóxicas variadas, material informático e audiovisual, un panel á entrada do centro, ...

- o Organizativos: Tempos e espazos para a coordinación docente. Destacamos:
 - Reunións semanais do D.O co persoal titor.
 - Reunións da C.C.P.
 - Reunións do claustro para solicitar autorizacións e aprobar aspectos abordados previamente na CCP.
 - Sesións de avaliación: nelas realizaremos o Seguimento dos procesos orientadores de cada grupo clase e de cada etapa.
 - Reunións de coordinación cos titores semanais por niveis: a través delas comprobaremos dunha forma continua o desenvolvemento do PAT.
 - Reunións coa dirección do centro.
 - Atención a familias.
 - Reunións cos axentes externos.
 - Atención ao alumnado no período de recreo

9. Temporalización.

Actividades	Aspectos que desenvolve	Axentes	Trimestre
Coordinación co D.O Asesoramento na acción titorial	PAT	DO	3T
Adquisición de material e equipamento específico para o DO	Organización	DO	3T
Avaliacons psicopedagóxicas		Orientadora	3T
Colaboración na avaliación inicial do alumnado	E/A	Titor/a D.O	1º T
Adaptacións curriculares significativas		Profesorado D.O	1º T
Avaliacións e informes psicopedagóxicos, cando proceda	E/A	Orientador	3T
Programación, apoios e seguemento dos RE/ACS	E/A	Titor/a D.O	3T
Programas de enriquecemento alumnado altas capacidades (se fose necesario)	E/A	Titor/a	3T
Programación, intervención e seguemento da acción titorial en cada aula	PAT	Titor/a, Orientadora	3T
Sesións de avaliación, análise e medidas a adoptar	PAT E/A	Profesorado D.O E.D	3T
Grupos adquisición linguas (RE)	E/A	Profesorado D.O E.D	3T
Actividades para o alumnado e familias de 6º EP sobre a ESO	OA	Titor/a Orientadora CEIP Orientador/a IES	2º, 3º T

Informes de seguimento	Todos/as	Titor/a Profesorado apoio. D.O	3º T
Ditames de escolarización	Todos/as	D.O	3T
Flexibilizacións	Todos/as	Orientadora Titor/a profesorado apoio	3ºT

HORARIO DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

D.O	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:50	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
9:50 - 10:40	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
10:40 - 11:30	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
11:30 - 11:55	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11:55 - 12:20	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
12:20 - 13:10	Orientación	Orientación	Orientación	Garda	Orientación
13:10 - 14:00	Orientación	Garda	Orientación	Orientación	Orientación

Martes 16:30 a 16:30: Titorías e asistencia a xuntanzas de coordinación

10. Horario da xefatura do departamento de orientación.

11. Avaliación do plan.

Segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 e no Decreto 120/1998 a avaliación do plan de orientación someterase a un proceso continuo de avaliación formativa, que culmina coa elaboración dunha memoria final, tal e como establece segundo a orde do 24 de xullo de 1998.

PARA QUÉ?

- Contribuír á mellora da calidade e equidade da educación
- Aumentar a transparencia e eficacia das actividades orientadoras
- Valorar o grao de cumprimento de obxectivos en relación as necesidades
- Difusión dos resultados acadados
- Aportar información para elaborar unha proposta de mellora

QUÉ?

CONTEXTO:

- o Adecuación das estratexias e instrumentos utilizados
- o Nivel de participación da comunidade educativa na avaliación de necesidades
- o Nivel de participación do DO no análise do contexto
- o Grao de adecuación do plan ás necesidades detectadas
- o Análise dos resultados da avaliación inicial

DESEÑO:

- o Participación e implicación na comunidade educativa
- o Coherencia entre o contexto, as necesidades, obxectivos, actividades propostas e recursos

PROCESO:

- o Participación e implicación da comunidade educativa na implementación das actividades.
- o Existencia de recursos axeitados
- o Implicación e funcionamento do DO, titores, equipo directivo, CCP, equipos docentes, departamentos didácticos.
- o Grao de aplicabilidade
- o Se a proposta de temporalización adaptouse á realidade
- o Se van modificando aspectos que non funcionan

PRODUTO:

- o Consecución dos obxectivos propostos
- o Grao de satisfacción dos implicados
- o Resultados da avaliación final.
- o Solucións propostas ás dificultades que xurdiron
- o Eficacia das intervencións orientadoras

CANDO?

- o *Avaliación inicial:* trátase da avaliación de necesidades. Recolleranse propostas sobre este plan nas reunións do DO, na CCP, e na reunións cos titores/as, entre outros.
- o *Avaliación continua:* Seguimento das actividades propostas no Plan. O seguimento se levará a cabo nas reunións do DO, da CCP, coa xefatura de estudos, etc.
- o *Avaliación final:* implica avaliación dos resultados e eficacia do plan e incluírá as achegas dos distintos implicados neste, así como a autoavaliación do propio DO.

QUEN?

O DO, a CCP, o equipo directivo, o alumnado, profesorado, familias, e outros axentes implicados nas accións orientadoras do centro.

COMO?

Utilizaremos a complementariedade de técnicas, cualitativas e cuantitativas, dando preferencia ás máis achegadas á práctica educativa real. Usaremos os seguintes instrumentos: observación participante, entrevistas, cuestionarios, análise de documentos, cadernos de titoría, protocolos cumplimentados, etc.

A xefatura do Departamento de Orientación elaborará unha memoria final que será entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro, e na que se incluírán os seguintes aspectos:

- o Modificacións introducidas no desenvolvemento do plan.
- o Valoración dos criterios de avaliación sinalados anteriormente.
- o Dificultades atopadas.

- o Propostas de mellora.

Maruxa Villamor Fraiz

Xefatura do Departamento de Orientación

ANEXO I

PLANS DE APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

1. Introducción

Este Programa de intervención, forma parte do Plan de Apoio (PA) elaborado coa fin de dar resposta as necesidades que presenta o alumnado do centro, fundamentalmente o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo (neae) ao longo do curso 22/23, formando parte das medidas de atención a diversidade, formuladas dentro do Plan de Orientación (PO), seguindo a lexislación vixente en Educación.

O Programa lévase a cabo no CEIP Apóstolo Santiago, situado no núcleo urbano compostelán. O alumnado escolarizado ten procedencia diversa. É significativo a escolarización de alumnado de etnia xitana, non sempre da zona, pero que se despraza a este centro, que ten de referencia por ter estado aquí escolarizados os seus pais e/ou nais. En moitos casos o alumnado ten relacións familiares entre si. Por ser un centro que dispón de prazas,

é escolarizado alumnado procedente doutros lugares, que chega en calquera momento do curso aso como alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Hai alumnado que recorre aos Servizos Sociais e a diferentes institucións públicas e asociacións. Hai un número importante de atrasos curriculares e alumnado que permaneceu máis dun ano no mesmo nivel.

Dadas as características que se acaban de describir existe tamén mobilidade de alumnos e alumnas que chegan e marchan.

Este Plan de Apoio está elaborado para dar resposta educativa neste contexto a mestra de Pedagogía Terapéutica (PT). Sintetizando, as necesidades que presentan os alumnos/as aos que vai dirixido son: situación persoal vulnerable, en varios casos, falla de estratexias de resolución pacífica de conflitos e falla de autocontrol para resolvelos, discrepancia curricular importante con respecto ao grupo-aula, escasa motivación, concentración, vontade e hábitos de traballo, estilo e ritmo de aprendizaxe significativamente lento.

Facerse conscientes das súas necesidades e dificultades, saiban expresalas de xeito asertivo, saiban pedir axuda cando a precisen, que non se sintan danados por compañeiros/as nen danen eles/as mesmos sintan que é preciso cumprir as normas (xa que estas protexen) para que cada vez se vexan máis incluídos/as na escola e comunidade educativa á que pertencen.

No aspecto curricular consideramos válidas as mesmas pautas, partir dunha avaliación que sitúe a liña base e marcar obxectivos realistas, que permitan acadar logros no proceso e sexan a motivación para continuar. Deberán acostumarse a aumentar o tempo de traballo, preguntar dúbidas, non molestar e ser cada vez máis autónomos/as.

O tempo que se lle dedica dende esta especialidade será dentro ou fóra da aula segundo se valore en cada caso, modificándose ao longo da semana e/ou do curso. Os agrupamentos de alumnado quedan suxeitos tamén ao mellor xeito de aprender, buscando acordos co resto do profesorado. En todo caso non deben saír da aula ordinaria máis da terceira parte da xornada escolar.

Como mestra especialista de Pedagogía Terapéutica (PT), e en coordinación co resto do equipo de Orientación (DO), prantéxanse unha serie de obxectivos que abarcan a toda a comunidade educativa, tal como se establece no PO. Estes obxectivos abarcan tres ámbitos educativos:

Con respecto ao alumnado:

- Identificar factores de risco de neae coa fin da intervención precoz e a intervención coas neae xa detectadas.
- Propoñer aos titores/as programas de intervención co alumnado xa que ademais do apoio directo de especialistas, este alumnado require modificacións en distintos aspectos da práctica educativa que se desenvolva na aula, xa que tamén aí ten que seguir aprendendo.
- Dar atención individualizada, en pequeno grupo e/ou en aula ao alumnado no que o profesorado observa dificultades persoais-emocionais e/ou de aprendizaxe..
- Aumentar a autoestima e autonomía dos alumnos e alumnas.

Con respecto ao profesorado:

- Poñer en común os resultados das avaliacións individuais e/ou específicas.
- Difundir as propostas de intervención específicas e estratexias metodolóxicas para intervención tutorial e para facilitar aprendizaxes así como informar de materiais que se coñezan e poidan ser de utilidade.
- Realizar propostas de intervención colectivas en aula e individuais dende o DO, equipo de Convivencia e outros.
- Programar intervencións como prevención e abordar as potenciais neae o máis precozmente posible.
- Establecer a colaboración precisa entre o profesorado que intervén cun grupo ou alumno/a determinado, aínda que ao ser un claustro e un número de alumnos/as reducido pode ser efectivo que todos/as nos impliquemos na intervención tanto en casos de conduta como de aprendizaxe.

En relación coa familia:

- Fomentar a comunicación coas familias ou responsables legais, facilitando o intercambio de información útil para a boa marcha educativa.
- Informar das neae, da resposta educativa que se lle está dando, da súa evolución, da necesidade de continuas e medidas que poden ser de utilidade tomar dende a familia.
- Implicar as/os pais e nais no proceso educativo das fillas/os.

ALUMNADO CON NEAE

Para o establecemento dos apoios por parte do profesorado de PT e Audición e Linguaxe (AL) e orientación seguíronse os seguintes criterios:

Apoio prioritario ao alumnado con neae permanentes, se este é necesario.

- Dar continuidade aos apoios iniciados, sempre que se valore a prioridade. A proposta sae do DO unha vez analizada a información procedente das diferentes fontes e preséntase á Xefatura de estudos (XE).
- Atender ás demandas do profesorado e familias, sempre que se considere que é necesaria a axuda especializada.

Son 13 alumnos/as cos que inicialmente se vai traballar dende PT.

Na etapa de Educación Infantil

Aula de 4 anos: 2 sesións semanais.

Necesidades xeneralizadas en todas as áreas do currículo. Nas sesións de RE traballaremos no grupo e/ou individualmente aspectos relativos a todas as áreas de Educación Infantil, centrándonos sobre todo nos aspectos comunicativos, relacionais e de adquisición de hábitos e condutas adecuadas.

Aula de 5 anos: 2 sesións semanais.

Necesidades xeneralizadas en todas as áreas do currículo. Nas sesións de RE traballaremos no grupo e/ou individualmente aspectos de adquisición de hábitos adecuados, comunicación asertiva e en xeral contidos e competencias das áreas de Educación Infantil, poñendo especial énfase na lingüística.

Na etapa de Educación Primaria:

Aula de 2º: 4 sesións semanais.

Necesidades xeneralizadas en todas as áreas do currículo.

Traballo que vai priorizar a área lingüística, tanto oral como escrita e a adquisición de habilidades cognitivas, condutuais e emocionais, tratando de favorecer a comunicación.

Adquisición e/ou afianzamento da lectoescritura desde unha perspectiva multidisciplinar e estimulación en todas as áreas de aprendizaxe fomentando a ampliación de campos de interese e o hábito e capacidade de traballo escolar.

Aula de 3º: 7 sesións semanais

Fundamentalmente o traballo irá encamiñado á adquisición e/ou afianzamento de aprendizaxes básicas correspondentes ao currículo de cada alumna e alumno actividades de lectoescritura e comprensión e expresión oral e escrita, aínda que como corresponde a estas idades farase un traballo global, interdisciplinar e de desenvolvemento de competencias cognitivas, emocionais, de relación e condutuais.

Aula de 4º: 7 sesións semanais.

Apoio a necesidades de aprendizaxe relacionadas co nivel de desenvolvemento no que se atopan e estimulación en todas as áreas, en pequeno grupo e/ou individualmente, segundo se vaia considerando máis útil.

Prestarase axuda para que adquiren e afiancen as competencias ás que se refire o currículo.

Pautas para a aula. Na intervención terapéutica trataremos de prestarlles axuda individual para que melloren o seu autoconceito e se poidan estimar máis, se fagan conscientes das posibilidades de aprender, facilitarlles estratexias que aumenten a vontade e persistencia no traballo, a concentración e a organización (dediquen un tempo ao estudo fóra do horario escolar). A prioridade que se busca coa intervención para este alumnado é que aprendan a aprender, competencia que se adquire durante toda a vida e que favorece a AUTONOMÍA, que é o fin último da educación.

HORARIO DE APOIO:

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8:50-9:00				Garda transp	
9:00-9:50	2º	EI6º	3º	2º	2º
9:50-10:40	EI5º	2º	EI5º	3º	EI6º
10:40-11:30	3º	4º	4º	4º	4º
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-12:20	PL	PL	PL	PL	PL
12:20-13:10	3º	3º	3º	4º	3º
13:10-14:00	PT/AL/OR	GARDA	4º	GARDA	4º
14:00-14:05				Garda transp	

PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN:

O esquema na planificación e deseño dos programas é o seguinte:

1. DATOS PERSOAIS.
2. DATOS PEDAGÓXICOS.
3. AVALIACIÓN INICIAL.
4. NEAE.
5. OBXECTIVOS XERAIS
6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.
7. CONTIDOS.
8. ACTIVIDADES.
9. METODOLOXÍA.
10. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS.
11. ORGANIZACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DO APOIO.
12. AVALIACIÓN DO PROPIO PLAN.
13. INTERVENCIÓN COA FAMILIA.

Programas de apoio. Guías.

1. Programa de reforzo da lectoescritura e prevención de disortografía e/ou reeducación.

2. Programa de reforzo da numeración, operacións e razoamento matemático.

5. Programa para o enriquecemento do autoconceito e a mellora da comunicación (alumnado de RE e grupos-aula, se se considera adecuado).

5. Programa de adquisición de Técnicas de traballo intelectual (TTI) e de hábitos de estudo (alumnado de RE).

6. Pautas de traballo con TEA.

DIFICULTADES NA ADQUISICIÓN, AFIANZAMENTO DA LECTOESCRITURA E/OU REEDUCACIÓN

1.- DATOS PERSOAIS. Trátase dun programa suficientemente amplo e estruturado que da cabida ás necesidades lingüísticas que presenta o alumnado co que se vai intervir. A intervención é individualizada e cada neno/a sigue o seu ritmo de aprendizaxe.

2.DATOS PEDAGÓXICOS. Este programa de lectoescritura está deseñado para o alumnado que por motivos diferentes, valoramos que necesitan un apoio (en pequeno grupo) ao proceso de adquisición/afianzamento da lectoescritura, poñendo énfase na prevención de erros disortográficos.

3.- DATOS DA AVALIACIÓN INICIAL. Avaliación inicial da competencia curricular do alumnado (referencia os informes finais de PT do curso anterior)

Linguaxe oral : omisións, substitucións e distorsións nalgúns casos. Sen dificultades noutros.

4.- NECESIDADES ESPECIFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE) En aspectos coma: a linguaxe oral, habilidades meta-fonolóxicas, conceptos básicos, percepción visual, espacial e temporal, coordinación visomotora, nivel de competencia lectoescritora. Podemos observar as seguintes necesidades educativas:Necesidade adquirir/afianzar o proceso lectoescritor.

- Necesidade de afianzar a exactitude, velocidade e comprensión lectoras.

- Necesidade de afianzar unha grafía lexible con presentación adecuada dos traballos.
- Necesidade de mellorar os conceptos espazo-temporais.
- Necesidade de aumentar os períodos de atención.
- Necesidade de mellorar a constancia no traballo e a súa integración na clase.
- Necesidade de mellorar a súa capacidade de memoria.
- Necesidade de mellorar a articulación da fala.
- Necesidade de mellorar postura e prensión.
- Necesidade de aceptar as normas.
- Necesidade de aprender a pensar e aprender a aprender.
- Necesidade de aprender a traballar con cooperación.

Lectoescritura: Varios niveis. Teñen adquirido o código (están na fase de afianzamento de sinfóns, de adquirir a correcta separación da tira fónica, de superar silabeo). Están no nivel de comprensión de frases ou de textos mínimos. Presentan erros disortográficos (b/d, unións e fragmentacións inadecuadas, substitucións, omisións, ...) e disgrafía.

5.- OBXECTIVOS. A finalidade do programa consiste en promover a adquisición dunha capacidade lectoescritora funcional, por iso, os obxectivos específicos poden ser:

- Desenvolver a competencia metalingüística.

- Conectar a linguaxe escrita coa oral, é dicir, comprender que o que dicimos pódese escribir e o que escribimos pódese dicir.
- Se fagan conscientes dos usos da linguaxe escrita na súa comunidade (como axuda da memoria, como medio de mandar mensaxes a distancia, para enriquecer a propia experiencia e o vocabulario para estimular a imaxinación e creatividade, para planificar e dirixir a propia acción...)
- Desenvolver a súa conciencia fonolóxica, que os vaia capacitando para segmentar os enunciados nas oracións, nas palabras, nas sílabas, nos fonemas.
- Realizar unha aprendizaxe sistemática do código escrito: adquirir as capacidades de codificación grafema-fonema na lectura e fonema-grafema na escritura (p, t, m, l, d, s, r, n, b, v, x, h, ch, ñ, f, ll, g, z, ce, ci, -r, ca, co, cu, q), así como dos distintos tipos de sílabas: cv – vc – cvc – ccv.
- Adquirir un vocabulario visual o máis amplo posible (é dicir, que sexa capaz de decodificar rapidamente palabras pola ruta directa visual.
- Ler textos con velocidade, entoación e fluidez crecentes. Comprender textos escritos, captando tanto o significado global coma detalles concretos.
- Escribir cada un dos grafemas traballados coa direccionalidade adecuada, enlazalos correctamente na palabra.
- Realizar producións escritas respectando a pauta de escritura.
- Producir textos escritos sinxelos de forma autónoma, cun orde lóxico, corrección ortográfica e gramatical.
- Desenvolver o interese, a motivación cara a lectura e a escritura, superando as inseguridades.
- Corrixir as omisións, substitucións e adicións de letras e sílabas.

- Realizar composicións escritas breves (3 ou 4 palabras), sen separar indebidamente sílabas da mesma palabra, formando oracións morfo-sintácticamente correctas. Potenciar a expresión escrita espontánea.
- Percibir os libros e a composición de textos escritos como algo pracenteiro.
- Aprender a traballar por parellas, en grupo, tamén individualmente.
- Implicar ao alumno e a familia no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Con estes obxectivos pretendemos contribuír a adquisición das competencias básicas:
- CB.1.Competencia en comunicación lingüística.
- CB.2.Competencia matemática.
- CB.3.Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- CB.4.Tratamento da información e competencia dixital.
- CB.5.Competencia social e cidadá.
- CB.6.Competencia cultural e artística.
- CB.7.Competencia de aprender a aprender.
- CB.8.Autonomía e iniciativa persoal

6.- CONTIDOS.

- Lectoescritura na comunidade: correos electrónicos, traballo dos carteiros/as, venda e lectura de xornais, publicidade nos buzóns, rótulos de tendas, mensaxes escritas na TV es no ordenador...

- Correspondencia fonográfica.
- Postura correcta, presión e prensión adecuadas, trazos, proporcións e tamaños axeitados das letras e palabras.
- Lectura comprensiva de palabras, frases e textos sinxelos.
- Recoñecemento dos elementos estruturais básicos dun texto: personaxes, escenario, acción.
- Formulación de conxecturas sobre o final da narración.
- Escritura de grafemas, palabras e frases
- Escritura en ditado de textos.
- Producción de textos escritos con corrección gramatical e boa presentación.
- Gusto pola lectura e escritura.

7.- ACTIVIDADES .

- Actividade cos nomes dos nenos e nenas da aula, profesorado...::nomes, incompletos, desordenados, en diferentes tipo de letras, falta algún, hai algún demais... (NATALIA, NA.....,LI., .ATALIA; NATALIA, ANAIATL; natalia.
- Establecer relacións e diferenzas entre os nomes.
- Escribir e ler o propio nome e o de algún compañeiro/a.
- Reescritura de contos.

- Realizar ditados (profesora ou eles/as).
- Escritura de noticias: quen, que, onde, cando, como por que, para que...
- Outros xéneros: descrición, poesía, teatro...
- Actividades fonéticas.
- Actividades sistemáticas de codificación e decodificación de fonogramas.
- Actividades sistemáticas para a adquisición dunha grafía correcta e dunha ortografía adecuada.
- Variacións nas actividades que nos permitirán desenvolver un amplo programa de lectura e escritura. Neste listado inténtase contemplar tanto os aspectos de ler, escoitar ou reproducir linguaxe escrita como producir, copiar ou ditar textos para ser escritos. Tamén se incorpora a repetición, posto que ao aplicarse no tempo, pode dar lugar a variacións:
 - De material, de instrumento (lapis, bolígrafo, manual ou por ordenador), de soporte (en papel común ou especial, na lousa).
 - De tipo de actividade lingüístico-cognitiva (e por tanto de consigna): escoitar, ler, escribir, recitar, ditar, copiar...
 - De unidade lingüística (palabra, frase, texto) e de xénero.
 - De modalidade (oral, escrita) e de tipo de rexistro (gravación, vídeo, escrita).
 - De contido temático (acerca de que).
 - De estratexia didáctica (con ou sen preparación previa, con maior ou menor dirección por parte do adulto

- De duración e frecuencia (máis curto, máis longo; por primeira vez, por terceira vez).
- De tamaño gráfico (máis pequeno, máis pequeno aínda máis grande).
- De momento no tempo (ao comezo, ao final de curso).
- Con repetición (volver sobre o mesmo).
- De circunstancia e de destino (quen, onde, cando, de que xeito, a quen, e de obxectivo: para que...
- De tipo de deseño (letra, disposición, impresión, papel...).
- De tipo de agrupación (individual, en parella, en grupo...)
- Con algunha restrición explícita (sen erros, con puntuación, con boa letra, con separación de palabras).
- No caso de que se vexa necesario, recorrerase para a aprendizaxe das correspondencias ortográficas fonolóxicas a metodoloxía Multisensorial de Gillighan e Stillman (1969), co obxectivo de que vaia afianzando e ampliando a aprendizaxe das correspondencias, aumentando a súa conciencia fonémica e competencia para segmentar en secuencias correctas de fonemas/letras as palabras que oe/di ou le.
- A metodoloxía dos autores sinalados é a seguinte:
 - A profesora amosa a letra e di o seu nome. O neno repite o nome. (Cando o neno xa sabe o nome da letra). A profesora amosa a letra e di o seu son. O/a neno/a repite son.
 - A profesora escribe a letra con moito coidado, explica ao alumno a súa forma e orientación. A letra escrita pola profesora é repasada, copiada, escrita de memoria, escrita de novo de memoria, sen mirar, polo alumno.

- A profesora amosa a letra. O niño ten que dicir o seu nome. A man do neno é guiada pola profesora ao largo da letra sen que se vexa o movemento. (O nome da letra debe ser asociado por un lado coa “impresión visual” e, por outro, coa “sensación táctil” que lle produce a letra).
- A profesora dita a letra. O neno/a escribea.
- Facemos o mesmo ca no paso nº 3, pero agora usamos o son da letra e non o seu nome.
- A profesora di o nome da letra. O neno/a ten que dicir o son.
- A profesora di o son da letra. O neno/a ten que dicir o seu nome.
- A profesora di o son. O neno/a ten que escribila e simultaneamente dicir o seu nome.
- A ensinanza da lectoescritura farase simultaneamente, comezando pola vogais, por exemplo: o fonema “p” e as grafías minúscula e maiúscula correspondentes. Na primeira fase da aprendizaxe só se traballarán as silabas directas, o resto introduciranse progresivamente unha vez que os alumnos teñan adquirido e afianzados os procesos de conversión grafema-fonema.
- A secuencia de actividades para a ensinanza-aprendizaxe de cada fonema, tendo en conta o anterior, sería a que explicamos a continuación:
 - Presentación do fonema co grafema, en minúscula e maiúscula correspondente.
 - Explicamos aos alumnos como soa o fonema e se lles pide que produzan palabras nas que soe. Se non son capaces, dirémolas nós esaxerando a articulación do fonema e pedindo que o repitan.
 - Asociación do fonema con cada vogal na lousa, escribindo silabas directas co fonema e lectura en voz alta das mesmas, por parte de cada alumno.

- Presentación de lotos de imaxes ,co nome conten o fonema e tarxetas de palabras cos nomes destas, elaboradas pola mestre , e realización das seguintes actividades:

- Asociación da palabra escrita na tira coa imaxe correspondente.

- Autoditado. Se lle darán aos alumnos letras do alfabeto de madeira: dous xogos de vogais e dou “p”. Dámoslle as imaxes para que vaian compoñendo os nomes, verificando o resultado despois comparando o producido coa tarxeta da palabra.

- Aprendizaxe da escritura do grafema e do enlace deste coas diferentes vogais (autoinstrucións):

- . Execución na lousa da letra minúscula e maiúscula, levándolle a man ao profesorado.

- . Execución da letra e das silabas en pautas tamaño folio co modelo das letras impresas.

- Reseguido do grafema en fichas de escritura (dobre pauta)

- Escritura autónoma do grafema, das silabas e de palabras que o conten (copiado) en pautas de dobre raia.

- Lectura de palabras e frases cortas. A mestra de apoio preparara follas de lectura de palabras e frases co fonema. Proporcionaremos unha copia a cada alumno para que a traballe na casa.

- Folla de lectura da letra coa que se estea traballando.

- Ditado no caderno das palabras e frases que os alumnos leron.

- Realización de actividades de reforzo, papel e lapis. Este material é elaborado previamente:

- a. Asociar o debuxo coas palabras.

- b. Escribir o nome a varios debuxos.
- c. Relacionar cada debuxo co seu nome.
- d. Elixir o nome dunha imaxe.
- e. Rodear, entre dous, a sílaba pola que comeza o debuxo.
- Outras actividades do tipo:

1. Compoñer un mural con distintos fonema e os seus correspondentes debuxos.

2. Xogo de lotos de imaxes e tarxetas de palabras cos nomes.

3. Fuga de vogais consoantes.

4. Xogo de palabras e frase tolas: ordenar palabras e frases.

5. Autoditado. Dámoslle aos alumnos letras do alfabeto de madeira, xunto con unhas imaxes para que vaian compondo os nomes.

6. Casa das palabras: Lectura de palabras e frases cortas.

7. Actividades no ordenador empregando diversos Cds: Pipo, Pelos,...

8. **METODOLOXÍA** Para a aprendizaxe da lecto-escritura empregaremos un método mixto (analítico-sintético) dentro dunha concepción máis ampla (método natural ou construción da aprendizaxe) que recolla a expresión do alumno e con utilización de materiais impresos non didácticos (o escrito na rúa, os escritos domésticos, os libros, os diarios, os xornais... o que constitúe o mundo do escrito coa diversidade natural do impreso).

- No noso concepto tanto a escritura como a lectura son “activas”.

- Empregar “modelos” de textos escritos.
- Exhibir explicitamente os diferentes momentos do proceso de produción.
- Empregar textos funcionais: correspondencia escolar.

9. - AVALIACIÓN

DO ALUMNADO: A avaliación será inicial, continua e final, permitindo axustarnos en todo momento ao ritmo de aprendizaxe. Os alumnos/as serán avaliados en función dos criterios establecidos na programación (PAT) do grupo de referencia. Así mesmo contarán cun informe final, que será o punto de referencia para o seguinte curso.

DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN: Realizaremos unha avaliación do nosa labor con propostas de mellora, vinculada aos resultados obtidos co programa de apoio dos alumnos, para modificar aquilo que consideremos que non resultou e manter as boas prácticas.

- Instrumentos para avaliación: comparación do nivel do que parten co progreso que se vaia dando a través dos seus traballos, da súa actitude ante o traballo, concentración, motivación, recollendo as observacións que se consideren no diario de aula. Transmitir ao alumno, profesorado e familia o progreso e aquelas estratexias que contribúen á mellora.

10.- MEDIDAS ORGANIZATIVAS, TEMPORALIZACIÓN

- A intervención realizarase en pequeno grupo fóra do grupo-aula. Previsiblemente a intervención será durante todo o curso, aínda que estará suxeito a posibles modificacións en función da evolución de cadaquén. A intervención que se propón comunícaselle ao titor/a e á familia, que manifestarán o seu acordo con estas medidas organizativas.

- Recursos materiais: materiais funxibles, didácticos e non didácticos (revistas, xornais, carteis, publicidade, instrucións...).

- Recursos persoais: profesorado, orientación, persoal externo de educación, servizos sociais.

12.-INTERVENCIÓN COA FAMILIA Teremos reunións coas familias ao comezo de curso para propoñerlle o traballo a realizar e durante o curso para ver evolución. Ao final de curso comunicáraselle os resultados que se recollen no informe final.

NECESIDADES DE AFIANZAMENTO/REEDUCACIÓN DE MATEMÁTICAS

1.- DATOS PERSOAIS. Programa destinado ao alumnado co que se vai intervir.

2.- DATOS PEDAGÓXICOS Este programa de está deseñado para alumnado que por motivos diferentes, valoramos que necesitan un apoio en pequeno grupo ao proceso de adquisición/afianzamento do pensamento matemático poñendo énfase na prevención da discalculia, no control da impulsividade, no fomento polo tanto da reflexión, na achega de estratexias para a adquisición da numeración, do valor de posición das cifras, da regularidade dos números, da necesidade de realizar cálculos exactos, da funcionalidade da matemática e do razoamento.

3.- DATOS DA AVALIACIÓN INICIAL Os/as alumnos/as manifestan un nivel significativamente por debaixo do que lles corresponde por idade.

- Numeración.
- Operacións.
- Conceptos básicos.
- Razoamento matemático.
- Medida.
- Tratamento da información.

- Xeometría.

4.- NECESIDADES ESPECIFICAS DE APOIO EDUCATIVO(NEAE) Nos aspectos avaliados podemos observar as seguintes necesidades educativas:

- Necesidade adquirir/afianzar a numeración.
- Necesidade de adquirir/afianzar o concepto de adición e sustracción.
- Necesidade de mellorar os conceptos espazo-temporais.
- Necesidade de aumentar os períodos de atención.
- Necesidade de mellorar a constancia no traballo e a súa integración na clase.
- Necesidade de mellorar a súa capacidade de memoria.
- Necesidade de mellorar o razoamento matemático
- Necesidade de mellorar postura, prensión e grafía.
- Necesidade de mellorar a interpretación da linguaxe matemática.
- Necesidade de aceptar as normas.
- Necesidade de aprender a pensar.
- Necesidade de aprender a traballar con cooperación.

5.- OBXECTIVOS A finalidade do programa consiste en promover o desenvolvemento da competencia matemática. Os obxectivos específicos a conseguir son:

- Vincular o coñecemento matemático intuitivo coa aprendizaxe formal das matemáticas.
- Potenciar o desenvolvemento do pensamento lóxico-matemático.
- Establecer unha relación constante entre os números e o mundo real, tanto no coñecemento das primeiras cantidades como nas medidas e problemas, e, sobre todo, na introdución de pequenas estatísticas e as súas gráficas, que axudan a descubrir aspectos cuantitativos do entorno.
- Introducir ao alumno no campo dos números naturais, favorecendo que adquiera nocións claras de cantidade e que vaia percibindo as relacións entre os números.
- Prantexar as operacións aritméticas básicas de suma e resta.
- Sentar as bases da numeración decimal descubriendo o valor de cada cifra segundo a súa posición, e consolidando o aspecto ordinal dos números, é dicir, o lugar que cada un ocupa na recta numérica.
- Iniciar ao neno na práctica das medidas de forma experimental (e non só de cálculo), é dicir, a partir da súa percepción sensorial e da súa confrontación coa realidade, empezado a facer relacións entre magnitudes.
- Favorecer a formación do esquema mental do espazo, traballando de forma experimental e vivida as nocións xeométricas fundamentais: recta, plano e figuras básicas, tendo en conta a noción de distancia.
- Introducir ao alumno no uso da linguaxe matemática. Require, por unha banda, o coñecemento dos números, signos aritméticos de relación e operacións, frechas, diagramas, cadros, táboas de datos e de resultados, abreviaturas para designar unidades, gráficos. Por outra banda, require aprender a saber expresar matematicamente (lé dicir, combinando adecuadamente os símbolos aprendidos) as relacións numéricas descubertas a partir dunha acción manipulativa ou do cálculo mental, e deberá interpretar unha información dada en linguaxe matemático.
- Tamén nos propoñemos que o neno descubra o aspecto lúdico da matemática, que se interese polo descubrimento, que valore o esforzo necesario para superar cousas difíciles e que atope o gusto por entrar no mundo misterioso dos números.

- Aprender a traballar por parellas, en grupo, tamén individualmente.
- Implicar ao alumno e a familia no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Pretendemos contribuír a adquisición das competencias básicas:
- CB.1.Competencia en comunicación lingüística.
- CB.2.Competencia matemática.
- CB.3.Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- CB.4.Tratamento da información e competencia dixital.
- CB.5.Competencia social e cidadá.
- CB.6.Competencia cultural e artística.
- CB.7.Competencia de aprender a aprender.
- CB.8.Autonomía e iniciativa persoal

6.- CONTIDOS.

- Matemáticas no mundo real.
- Números e cifras na recta numérica decena e centena, asociación do n^o a unha lonxitude, habilidade para contar, escritura e lectura correctas, anterior e posterior, series progresivas e regresivas, memorización da serie numérica, cálculo mental, aspectos ordinais, descomposición dun número, pares e impares, dobre, triple, metade,..

- A decena como conxunto de dez unidades, a centena, os millares.
- Relación entre o nº6 e o entorno.
- Relación do nº 7 e o entorno.
- Resolución práctica de cadros máxicos.
- Noción experimental de peso, lonxitude e capacidade. Ordenación dos obxectos polo seu peso, lonxitude e capacidade.
- Nocións temporais. Lectura do reloxo.
- Nocións experimentais de liñas, rectas e curvas, dentro e fóra, aberto e pechado, anchura e altura, recoñecemento da superficie dos obxectos e as da aula da clase, segmento de recta como distancia máis curta entre dous puntos, recoñecemento de liñas poligonais a partir dos propios desprazamentos, visualización e recoñecemento de superficies de gran tamaño (paredes da clase) e das superficies dos obxectos, noción experimental de intersección de liñas a partir de desprazamentos, nocións experimentais de lados e vértices, formas esféricas, cúbicas e cilíndricas no entorno, circunferencia e círculo, centro e radio. Emprego de regras graduadas para medir lonxitudes. Experimentación en eixe de simetría.
- Valor das moedas de uso corrente. Equivalencias e comparacións.
- Símbolos matemáticos.
- A suma plantexada como reunión. Símbolos. Cálculos estimativos e exactos.
- Representación de cantidades en gráficos.
- Resta plantexada como residuo (cantos quedan) ou como complemento (cantos faltan).

- Cálculo por tanteo. E verificación dos resultados. Dominio do uso da calculadora.
- Plantexamento e resolución de problemas.

7.- ACTIVIDADES

- Relacións de equivalencia (mesma cor, mesma forma...).
- Relacións de orde por medida (maior que, menor que...).
- Correspondencias por cantidades (cada neno dous caramelos).
- Comparacións de conxuntos polo seu nº de elementos.
- Agrupar de 10 en 10, 100 en 100.
- Debuxar en cada bandexa os elementos que se desexen coa condición de que xuntos vallan o prezo indicado.
- Ditado de números.
- Series na recta numérica.
- Adiviña o nº que falta (por tanteo): $6 + \dots = 12$.
- Experimentar o peso de un quilo...
- Empregar a calculadora para comprobar contas.
- Manipular e observar os distintos xeitos de representar un nº, con regretas, con debuxos, con esquemas, escribindo o seu nome e con cifras.

- Despois de observar o tempo durante uns 10 días, representar en diagrama de barras os resultados.
- Actividades de operación inversa: Eu son a túa nai. Eu son a túa filla.

$$16-8=8; \quad 8+8=16$$

- Facer recorridos segundo as consignas: recta, curva...
- Actividades con números significativos: decena, ducia, ducia e media, quince (medio mes)...
- Actividades con moedas e billetes.
- Mercamos calcetíns para 1,2,3..persoas (pares).
- Situar ao alumno nos problemas que poden xurdir a través dos diferentes oficios que interveñen na construción dunha vivenda, como elemento motivador.
- Progresivamente ir plantexando actividades máis complexas sobre todo co alumnado que está no 2º ciclo. Irase valorando xa que non teñen acadada, segundo o seu expediente, a competencia matemática mínima esixible para o inicio do 3º ciclo, co cal será unha continuidade do que eles xa dominan.
- 8.- METODOLOXÍA A metodoloxía parte dunha visión construtivista do coñecemento e caracterízase , principalmente, polos puntos seguintes:
 - Motivación: Tratar de conseguir realizar proxectos de traballo e actividades motivadoras, relacionando con situacións próximas á vida do neno e incluíndo xogos matemáticos.
 - Proceso de aprendizaxe: Presentar os coñecementos en forma de “espiral”, é dicir: cada aspecto da matemática aparece dende o comezo e repítese periodicamente, cada vez máis ampliado. Para asegurar as nocións propóñense moitas actividades de forma “inversa”, inmediateamente despois de que o neno os adquise de xeito “directo”. Un exercicio “inverso” é o que se prantexa a partires dun resultado coñecido, para provocar

que se atopen os datos, a operación realizada ou a situación inicial. Pedir a miúdo este tipo de proceso, ao comezo, parece difícil, pero é esencial para que practiquen a reversibilidade de pensamento que, xustamente, empeza constituírse nesta idade.

- Emprego de materiais: Pártese da manipulación de materiais diversos, tanto para fomentar as relacións lóxicas como para entrar nos campos das medidas e os números. O papel do material é moi importante neste ciclo. Se ben é certo que as accións realizadas con material son a base para un primeiro descubrimento das cantidades e das operacións, tamén o neno ha de sabelo deixar e pasar á abstracción dos números, imaxinándoos e operando mentalmente con eles. Unha estratexia intermedia é a representación. Priorizar o cálculo mental. Proponse o uso da calculadora na clase, non só como elemento motivador, senón como un instrumento privilexiado para fomentar o cálculo mental e as correccións.

- Problemas: Prantéxanse problemas sinxelos. Poden acompañarse de debuxos (representación) . É interesante retirar esta axuda no seu momento para que se exercite a imaxinación e se encamiñe a resolvelos mentalmente e non sempre contando. Ten importancia nos problemas nestas idades que logren un razoamento e un cálculo mental, que empecen a descubrir se hai máis dunha solución e que dean unha resposta correcta (sempre verbalmente e por escrito segundo as súas posibilidades de escritura).

- Deben empregarse problemas de enunciado verbal non rutinario:

- Que requiran unha análise da incógnita.

- Con datos demais, de menos ou con datos incorrectos.

- Que se poidan resolver de máis de un xeito.

- Que a solución teña varias etapas (varios pasos).

- Con máis dunha resposta posible.

- Que esixan un esforzo prolongado (creando problemas de interese persoal e que a recompilación de datos necesarios leve tempo).

- Con mestura de varios tipos de problemas (quitar, de sumando ausente, comparación, etc.). A mestura esixe unha análise máis detallada da incógnita, a información dada e o método máis necesario para a solución.
- Que requiran o emprego de métodos heurísticos básicos que lles axuden a analizar os problemas dun xeito máis minucioso e flexible (realización de debuxos, ver se o problema se parece a algún problema familiar, por ex, os problemas relativamente difíciles de primeiro sumando ausente parécense algo aos problemas de segundo sumando ausente, máis familiares, en que se da unha das partes e o o total e falta outra parte. Podemos dicirlle que faga o mesmo problema con números menores.
- Outro método heurístico para comprobar resultados consiste en facer unha estimación da resposta e logo comparar esta estimación co resultado obtido. Unha solución que non teña sentido cando se a compara coa estimación realizada indica que algo está mal.
- Importancia da motricidade: Respecto ao coñecemento do espazo, temos que ter en conta que, tanto para captar as relacións espaciais que permiten situar correctamente os obxectos respecto do propio corpo e entre eles, como para iniciar a aplicación desas relacións ao estudo de figuras, a experimentación a partir dos propios desprazamentos, é o medio máis adecuado, xa que permite, mellor que calquera outro interiorizar as propiedades descubertas.
- Linguaxe verbal: Ao final da actividade propónselle ao neno que exprese verbalmente o que fixo, que o explique ao seu xeito. A linguaxe consideramos que é decisiva na formación do pensamento.
- A estimación e o tanteo: Así como a petición sistemática dun resultado exacto conduce ao neno a practicar unha mecánica e a contar cos dedos a fin de asegurar a operación, a petición dunha estimación previa do resultado fai que poña en xogo un número máis grande de facultades (imaxinación, intuición, relación con experiencias anteriores...) e que adquira unha visión dos números e do espazo máis realista e relacionada coas súas vivencias.
- Chamamos “cálculo por estimación” cando lles pedimos que dean unha opinión dicindo cal lles parece que vai ser o resultado aproximadamente. Nunca se lles censurará.

Dar a solución “por tanteo” é cando se lles propón que fagan diferentes ensaios ata dar coa solución verdadeira.

- Son dúas técnicas moi recomendadas dende a psicoloxía cognitiva; pero xa Freinet dicía que o tanteo non é unha maneira de aprender senón “a” maneira de aprender.

- 9.- AVALIACIÓN

DOS ALUMNOS: A avaliación será inicial, continua e final, permitindo axustarnos en todo momento ao ritmo de aprendizaxe. Os alumnos serán avaliados en función dos criterios establecidos na programación (PAT) do grupo de referencia. Así mesmo cada alumno contará cun informe final, que será o punto de referencia para o seguinte curso.

DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN: Realizaremos unha avaliación da nosa labor con propostas de mellora, vinculada aos resultados obtidos co programa de apoio dos alumnos, para modificar aquilo que consideremos que non resultou e manter as boas prácticas.

Instrumentos para avaliación: comparación do nivel do que parten co progreso que se vaia dando a través dos seus traballos, da súa actitude ante o traballo, concentración, motivación, recollendo as observacións que se consideren no diario de aula. Transmitir ao alumno, profesorado e familia o progreso e aquelas estratexias que contribúen á mellora.

10.- MEDIDAS ORGANIZATIVAS, TEMPORALIZACIÓN

- A intervención realizase en pequeno grupo fóra do grupo-aula. Previsiblemente a intervención será durante todo o curso, aínda que estará suxeito a posibles modificacións en función da evolución dos alumnos. A intervención que se propón comunícaselle ao titor e á familia, que manifestarán o seu acordo con estas medidas organizativas.

- As sesións dedicadas á lectoescritura son 3 semanais.

- Recursos materiais: materiais funxibles, didácticos e non didácticos (revistas, xornais, carteis, publicidade, instrucións...).

- Recursos persoais: profesorado, orientación, persoal externo de educación, servizos sociais.

12.INTERVENCIÓN COA FAMILIA Teremos reunións coas familias ao comezo de curso para prantexarlle o traballo a realizar e durante o curso para ver evolución. Ao final de curso comunicáraselle os resultados que se recollen no informe final.

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PEDAGÓXICA PARA O ENRIQUECEMENTO DO AUTOCONCEPTO NO ALUMNADO.

- Compartimos con numerosos/as autores/as o significativo que un bo autoconcepción é na vida de todos/as. Un bo autoconcepción é o camiño máis efectivo para estimular a unha persoa a desenvolver todo o seu potencial. Para iso apoiáronos nos seus puntos fortes.

- Partindo desta idea, o programa que expoñemos a continuación integrárono no proceso de ensino-aprendizaxe de todo o alumnado que participa no RE, ao comprobar que son moi pouco conscientes das súas posibilidades de mellora como estudantes e incluso como persoas. Facilitárono ao profesorado do centro que estea interesado no tema e que considere que lle pode ser de utilidade.

1. OBXECTIVOS

- Coñecer o perfil do autoconcepción de cada alumno/a.
- Proporcionar ao alumnado relación de comportamentos positivos definidos.
- Proporcionar ao alumnado suxerencias de metas persoais de mellora.
- Converter ao alumnado en axente da súa aprendizaxe.
- Aplicar a teoría do reforzo e o efecto Pygmalión á tarefa escolar.
- Conseguir que sintan que o profesorado é un poderoso elemento de apoio para a aprendizaxe.

- Incluir a todo o alumnado no grupo e no colexio.
- Lograr que todo o alumnado teña amigos/as na comunidade escolar.
- Potenciar as habilidades de comunicación social.
- Mellorar o nivel de confianza na relación profesorado-alumnado.
- Lograr que as dificultades sexan observadas baixo os criterios dunha “pedagogía positiva”.
- Desenvolver a capacidade de escoitar en tres direccións: alumnos/as a profesores/as, profesores/as a alumnos/as e alumnos/as a alumnos/as.
- Desenvolver as destrezas que posúan e conseguir o dominio de outras necesarias para a vida social e o traballo.
- Potenciar o singular que ten cada persoa.
- Lograr que cultiven actitudes que repercutan no seu rendemento.

2. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN NA AULA

- 2.1. Estratexias de intervención para a mellora xeral do autoconcepto.
- Actuacións do profesorado
- Retirar o reforzo a toda conduta que sexa dubidosa para lograr a súa pronta extinción.
- Actitude continua de axuda para facilitar as tarefas de cada alumno/a.
- Mirarlle de fronte e con boa cara.

- Evitar a ironía, o sarcasmo, a burla, a humillación ou ridiculizar.
- Valorar a boa conduta en público, as chamadas de atención facelas en privado.
- Saber quitar ferro ás situacións complicadas con un pouco de bo humor.
- Con comprensión cara cada un/unha, tamén cara os de características temperamentais ou caracterolóxicas máis difíciles.
- Entregarlles “listados” de comportamentos positivos e negativos mesturados, e que eles/elas os valoren e clasifiquen.
- Entregarlles “listados” de obxectivos ou propósitos positivos e negativos mesturados, e que eles/elas os valoren e clasifiquen.
- Coherencia e xustiza nos prantexamentos docentes e educativos.
- Distinguir claramente ante o/a alumno/a difícil a aceptación da súa persoa e o rexeitamento da súa conduta. (Isto é difícil porque o adulto tende a simplificar unindo negativamente os dous compoñentes). O/a profesor/a debe esforzarse por darlle un carácter positivo aos comportamentos erróneos que presente o alumno/a (xa que se dan, que sirvan de reflexión e de exemplo do que non debe ser, de como non se debe estar ou do que non se debe facer, facéndolle ver as consecuencias negativas. Recordemos: non se trata de ser perfecto/a senón de saber rectificar).
- Ensinarlles a reemprazar os pensamentos negativos, cando se presenten por outros positivos mediante a dirección do pensamento cara a logros conseguidos, episodios agradables, etc.
- Partindo da realidade, achegarlle unha proposta escalonada de mellora: propoñerlle bater o seu *record* persoal en asuntos concretos.

- Favorecer a participación do alumnado no traballo escolar. Facerlles, polo tanto axentes da súa aprendizaxe. Establecer unhas regras para lograr esa participación, de tal xeito que o profesor/a non teña que cortar continuamente preguntas, etc.
- Resaltar os logros que cada un/unha consiga (Tª do reforzo, ou das caricias condicionadas positivas en Análise Transaccional).
- Recoñecer a cadaquén as súas destrezas, habilidades ou capacidades (competencias).
- Presentar continuamente no transcurso da vida escolar valores-guías para mellorar o seu comportamento, poucos, pero moi constantes neles: sinceridade, lealdade, laboriosidade, alegría, compañeirismo.
- Recoñecer no colexio e na casa o seu esforzo por vivir os valores-guía.

Empregar estratexias de modelado. O modelado ou imitación de modelos é un método educativo coñecido e practicado dende sempre. Hai estudos (Bandura) e prácticas docentes ao respecto.

Tres tipos de técnicas poden aplicarse nesta estratexia:

- a) de acción participativa: mestre/a ou persoa invitada poden presentar o seu testemuño persoal.
- b) de acción non participativa: personaxes modélicos nun determinado aspecto non accesibles.
- c) de acción encuberta: o alumno/a imaxina un modelo prestixioso, do que describe o seu comportamento, tendendo logo a imitalo.
- A atención con regularidade a cada alumno/a: as súas necesidades, dúbidas, bloqueos, estancamentos, etc. Establecer diálogos persoais con cada un/unha.
- Crear unha relación de auténtica confianza entre alumno/a-profesor/a.

- Actitude de serenidade, flexibilidade e cordialidade.
- Unha continua actitude positiva cara o alumnado nos xuízos.
- Desenvolver ao máximo posible a capacidade de escoitar ao alumno/a.
- Proporcionar un feedback positivo que favoreza unha boa autoimaxe.
- Proporcionar mediante palabras e xestos, sentimentos positivos de esperanza sobre o seu rendemento (efecto Pygmalion).
- O/a profesor/a expresa os seus sentimentos cando:

Se dirixe aos seus alumnos.

- Lles pregunta.
- Lles desculpa erros.
- Cre neles/nelas.
- Lles permite participar.
- Eloxia de xeito realista as súas achegas.
- Apoia a todos/as sen marxinacións.
- Ten paciencia, porque sabe que se producen transformacións positivas que el/ela non ve, na evolución dos nenos e nenas que están ben atendidos/as.
- Estratexias de intervención para mellorar o rendemento académico

- Autoconceito e escola
- Os resultados satisfactorios, o recoñecemento do bo facer, a boa valoración dos traballos, proporcionan posibilidades dun desenvolvemento positivo do autoconceito. Do mesmo xeito que os resultados do fracaso escolar farán que o alumno/a desenvolva un autoconceito académico negativo e, moi posiblemente, que tamén teña un autoconceito xeral negativo.
- A maioría das últimas investigacións chegaron á conclusión de que “autoconceito e rendemento escolar inflúense mutuamente, polo que cambios nun facilitan cambios noutro” (González Torres, 94).
- Actuacións do profesor/a para lograr unha mellora do rendemento académico.
- As actuacións que a continuación se relacionan, queren obter como finalidade: Lograr que o alumno/a se comprometa en conseguir uns obxectivos de ensinanza-educación, considerándose axente dos mesmos.
- Actuacións:
- Resaltar o éxito e bo facer que cada alumno/a presente.
- Eloxiar de xeito realista as achegas que fagan.
- Realizar moitas preguntas sobre os contidos da aprendizaxe.
- Comprobar, corrixindo e orientando, todos os traballos pedidos.
- Presentar os novos contidos da aprendizaxe con moita claridade.
- Empregar a lousa, mapas (os medios), etc., con frecuencia e resaltando alí as cuestións e ideas principais.
- Transmitir entusiasmo co que se ensina.

- Realizar explicacións con abundancia de exemplos e comparacións.
- Descubrir con rapidez ao alumno/a que non entendeu para reforzarlle esa aprendizaxe.
- Presentar tarefas a realizar que esixan destrezas que xa dominaron previamente.
- Proporcionarlle ao alumno/a con erros, a habilidade e seguridade necesaria nos puntos onde se producen eses equívocos.
- Fixarse obxectivos realistas, claros e definidos.
- Detectar as lagoas de aprendizaxe que poidan aparecer nalgúns e preparar un plan para a súa solución coa apoio da comunidade familiar se fose necesario.
- Potenciar a singularidade de cada alumno/a mediante o coñecemento dunha pequena peculiaridade de cada un/unha e tratar de que a desenvolva.
- Dotar ao alumnado das habilidades necesarias para que realicen unha boa aprendizaxe:
- Crecente desenvolvemento lingüístico en xeral.
- Facilitade de concentración.
- Capacidade de memorizar.
- Capacidade para resolver problemas.
- Capacidade de planificación e de orde.
- Estratexias para mellorar a inclusión

- En bastantes ocasións o alumno/a ten dificultades de inclusión por unha baixa autoestima. Para el/ela as relacións humanas solen ser difíciles e entón refúxianse en xogar con obxectos ou coas súas cousas, e fuxe dos compañeiros/as. Polo tanto, para mellorar a integración nestes casos hai que mellorar a súa autoestima. A estratexia será a xa mencionada.

- Normas de clase.

Prohibición terminante de calquera burla ou broma pesadas.

- Evitar calquera comentario ferinte ou descalificador dun alumno/a sobre o traballo do outro/a.
- Impedir o uso de alcumes molestos.

Actuacións do profesor/a.

- Evitar comparacións.
- Estimular a cadaquén a que teña os seus amigos/as.
- Ser un animador/a de calquera actividade de acción social: deportiva, cultural, informativa....
- Potenciar a realización de traballos en equipos para desenvolver a habilidade de comunicación cos demais.
- Empuxar na medida do posible aos menos integrados a participar nas actividades de grupo.
- Presentar casos reais ou ficticios, sobre a incomunicación, pobre adaptación, etc. para que os analicen entre todos/as.

- Entregarlles “listados” de actitudes de interacción persoal, positivas e negativas mesturadas, para que eles/elas as valoren e clasifiquen: pedir favores, iniciar unha conversación, saber preguntar, saber dar respostas, aceptar queixas, saber dicir non, etc.

Estimular a creación de autocontrol naqueles alumnos/as máis descentrados/as con propostas concretas:

- a) Plan de mellora da concentración.
 - b) Plan para aprender a desviar a atención daquilo que o descentra, cambiando de actitude.
 - c) Ser capaz de planificar e executar o planificado.
 - d) Ser capaz de sinalar unhas metas e plan de medidas para alcanzalas.
 - e) Plan para perseverar nos obxectivos elixidos.
 - f) Interesarse día a día , e conseguir unha mellor aceptación das regras de comportamento.
 - g) Mellorar na habilidade de saber atender aos demais e saber ceder.
- Organizar debates, asembleas e discusións en grupo na aula.
 - Establecer conxuntamente co profesor de Educación Física competicións por equipos ao longo do curso escolar. Estar especialmente atentos á integración de todos/as.
 - Potenciar nos nenos/as de poucas habilidades para a comunicación social:

1.- Saber escoitar: Prestar atención.

Non interromper.

Mostrar interese.

Manifestar que se entende.

Facer preguntas.

Facer xestos de asentimento.

2..- Compartir as cousas: Prestar e pedir prestado.

3..- Participar e cooperar en actividades de grupo.

4..- Saber eloxiar e aprobar o que outros/as fan ben e igualmente , saber recibir eloxios dos demais.

5..- Saber cando se pode un/unha unir ás actividades e traballos dos demais e saber cando é o momento oportuno para retirarse dunha actividade na que hai outros/as implicados/as sen prexudicalos/as.

6..- Saber participar nunha conversación.

3. MATERIAL DE APOIO

- Cuestionario sobre o autoconcepto
- Interpretación do cuestionario sobre o autoconcepto
- Unha vez finalizada a contestación ao cuestionario, o profesor/a entregará ao alumnado que apareza cun autoconcepto negativo o “cadro para mellorar o autoconcepto”, explicándolles que traten de esforzarse en vivir os tres puntos do cadro, cos que mellorará a súa autoestima.
- Cadro para mellorar o autoconcepto.

Conclusións para o profesor/a

Aspectos fundamentais que debe procurar:

- **COÑECER A PERSONALIDADE** de cada alumno/a: as súas aptitudes, intereses, afeccións, dificultades. Que cambios necesitan producirse en cada un/unha para mellorar a autoestima.

- **DESTREZAS** e actitudes de cada un/unha a fomentar. Concentrar a atención nos puntos fortes para el/ela.

1. Desenvolver as positivas.

2. Apoiarte e superar as negativas.

3. Aplicar a teoría do reforzo.

- **COMUNICACIÓN SOCIAL:** Saber escoitar; dar participación; que saiban eloxiar e respectar.

- **PEDAGOXÍA POSITIVA:** Para o enfoque das dificultades e problemas.

1. Animar e atender. Mellorar o nivel de confianza entre todos/as.

2. Desculpar erros.

3. Adxudicar metas persoais e animar a conseguilas escalonadamente.

- **CLIMA DA AULA:** Que sexa de convivencia distendida, sincera, responsable, con bo ton de confianza entre todos/as.

- **LAGOAS DE APRENDIZAXE:** Coñecelas e preparar un plan de mellora para o que o necesite.

- EFECTO PYGMALION: Proporcionar, mediante xestos e palabras, sentimentos positivos de esperanza sobre os seus rendementos.
- VALORES-GUÍA: Desenvolvelos entre o alumnado. Poucos; algúns que se decidan como: sinceridade, lealdade, laboriosidade, orde, alegría...

O apoio da comunidade familiar

A familia axudan na mellora do autoconcepto dos seus fillos/as.

- Ao establecer unhas normas na convivencia familiar; moi poucas, sinxelas, claras e ben coñecidas por todos/as.
- Presentándolles un rostro amable. Ter bo humor ante eles/elas e con eles/elas. Sorrir con frecuencia.
- Falándolles dos seus logros. Comentarlles puntos moi concretos deses logros para que aprecien que coñecemos os detalles.
- Compartindo afeccións e intereses cos fillos/as. Se é posible, practicar xuntos unha afección.
- escoitándolles: atender as súas necesidades comunicativas. Mirarlles calados/as e concentrados/as no que nos din; os nenos e nenas e adolescentes aprecian enseguida se non estamos atentos as súas cousas.
- Dándolles encargos e responsabilidades que lles guste facer.
- Evitando os interrogatorios cos tímidos/as.
- Creando situacións para divertirse xuntos/as.
- Preparando unha merenda especial de tertulia e colaborando todos/as na súa preparación.

- Resolvendo os conflitos propios da convivencia con xustiza, diálogo e xenerosidade.
- Evitando “machacarlle” as súas ideas. Non enfadarse por elas por disparatadas que nos resulten. Oírlas e razoarlles.
- Evitando calquera tipo de ridiculización, tampouco en privado.
- Respectando e facendo que se respecte a intimidade de cada un/unha.
- Axudándolles para que cada un/unha destaque nalgunha tarefa propia da súa idade, ben escolar, doméstica, social...
- Facilitándolles frecuentemente a posibilidade de practicar a elección en cousas diversas e para as que son competentes.
- Evitando facerlles cousas que poidan facer eles/elas: un excesivo arroupamento é contraproducente.
- Axudándolles na resolución de tarefas complicadas, proporcionándolles algúns métodos: clasificar a tarefa, fraccionala para irla resolvendo por partes, comezar a facela con eles/elas....
- Concedéndolles en ocasións pequenos privilexios ou premios por asuntos concretos sen que se orixine inxustiza con outros membros da comunidade familiar.
- Dando cada proxenitor aos do seu mesmo sexo un modelo-patrón claro de conduta.
- Dándolles posibilidade de que traian os seus amigos/as á casa. Demostrarlles nesas ocasións que os seus amigos/as nos caen ben. Que teñan conciencia de que a súa casa está aberta aos seus amigos/as.
- Coñecendo e potenciando as cualidades nas que posúen unha maior destreza.
- Animándolles a unirse a grupos culturais, musicais, deportivos e participar neles.

- Logrando que lean biografías de personaxes que poidan ser modelo nalgúns aspectos polo seu traballo ou bo facer.
- Vendo cos fillos/as películas que permitan coñecer e dialogar sobre sucesos e comportamentos humanos reflexionando e sacando conclusións.
- Sendo bos modelos de autoestima para os fillos/as. Os modelos humanos, as persoas que para o neno/a son significativas afectivamente (os pais os que máis, tamén os mestres/as) producen unha alta influencia neles.

TÉCNICAS DE TRABALLO INTELECTUAL (TTI)

De xeito transversal ao RE iremos introducindo estratexias que fomentan o desenvolvemento fundamental de dúas competencias básicas:

- APRENDER A APRENDER
- AUTONOMÍA PERSOAL.

ESTRATEGIAS:

- Condicións físicas adecuadas para estudar na casa.
- Recursos materiais.
- Ter a man os útiles de escritura, lectura e estudo en xeral.
- Organizar o estudo.
- Aproveitamento das clases.
- Preparación de exames.

- Fases dun método activo de estudo.
- Importancia da lectura.
- Que favorece a concentración.
- Que favorece a organización.
- Que favorece a vontade.

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON TEA

1. COLOCACIÓN NA AULA.
2. HORARIO VISUAL.
3. USO DA AXENDA: TAREFAS E COORDINACIÓN.
4. PAUTAS ACTUACIÓN COMÚNS PROFESORADO.

COLOCACIÓN NA AULA.

Decidir onde se vai sentar e quen vai a estar ao seu lado.

Convén ter unha cadeira para o seu mestre de apoio.

HORARIO VISUAL.

Construír un horario visual co profesorado de apoio e as actividades a realizar.

USO DA AXENDA: TAREFAS E COORDINACIÓN.

Tomar notas sobre as súas actividades e a súa actitude.

Intercambiar información entre o profesorado, ASPANAES e a súa familia.

□ PAUTAS ACTUACIÓN COMÚNS PROFESORADO.

Informar ao profesorado das pautas de actuación.

1.- Situación cerca da mestra/e, para centrar a atención e a comunicación.

2.- Apoios visuais, tanto na parede como na mesa, usando un panel que anticipe as actividades que se van a realizar.

3.- Ambiente estable e predicible encamiñado a adquisición dunha serie de rutinas de traballo.

4.- Asegurar a comunicación:

1º centrar a atención (tocándolle o ombro, o queixo, a cara)

2º buscando como resposta o contacto visual.

3º proporcionar instrucións sinxelas (1 ou 2 frases)

4º acompañadas de apoio visual (picto, foto, debuxo,...)

5.- Seleccionar o sistema de comunicación mais axeitado (PECS, pictos, Benson-Schaeffer) comezando por aqueles que requiren menor nivel de abstracción e ir avanzando segundo as súas necesidades, podendo usar como reforzadores os seus propios intereses.

6.- Limitarlle os momentos de estar nos brazos e cambialo por un contacto de man, e cada vez ir soltándoo mais.

- 7.- Ofrecerlle pautas para as conversacións: manter a mirada, intención comunicativa, conversas simples.
- 8.- Promover a tolerancia e sensibilización dos seus compañeiros.
- 9.- Traballar en grupos pequenos e estruturar o tempo das actividades.
- 10.- Adquisición de hábitos de orde, organización e planificación, con instrucións moi sinxelas e apoio visual.
- 11.- Axenda visual. Creación e uso diario desta e emprego dela tamén como axenda viaxeira.
- 12.- Mellorar a autonomía con pequenos recados, supervisados nun principio, para que se sinta a gusto co seu papel na clase ... así como o recoñecemento ante os compañeiros.

PROTOCOLO BAÑO E NERVIOSISMO.

PROTOCOLO BAÑO.

1. Levalo ao baño ou si presta especial atención tocándose a barriga.
2. Mostrar picto, xesto e nomealo,
3. Acompañalo ao baño.
4. Rexistralo na táboa do baño.

PROTOCOLO NERVIOSISMO.

1. Prestar especial atención aos momentos de tensión, evitando poñerse ao seu carón por si morde ou clava as uñas.
2. Mostrar picto, xesto e nomealo,

3. Acompañalo ao asento e ben deixalo cun obxecto para agarrar (almofada) ou para morder (xoguete). En ocasións tamén valorar acariciar o rostro, o pelo ou o lombo para tranquilizalo.

4. Rexístralo na táboa do nerviosismo.

María Liste Piñeiro

Mestra de Pedagogía Terapéutica

1. INTRODUCCIÓN

Seguindo o D229/2011 no seu artigo 3, concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Sabemos que este conxunto de medidas e acción abranguen a todo o alumnado e máis concretamente ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Seguindo o artigo 32 do D.229/2011 podemos definilo como aquel que require de forma temporal ou permanente determinados apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar n.e.e, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Diferenciando a Lei 8/2013 no seu artigo 71.2 un grupo máis que serían os alumnos/as con TDA-H. Coa nova reforma educativa, Lei Orgánica 3/2020 engádense os alumnos/as con atraso madurativo, os que están en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, os que presentan trastornos de desenvolvemento da linguaxe e comunicación e os que teñen un descoñecemento grave das linguas.

Teremos en conta tamén a O. do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade que confirma o anteriormente dito.

Co fin último de garantir a integración completa e potenciar ao máximo o desenvolvemento harmónico do conxunto de discentes con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), e conforme aos obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora

da calidade educativa), o Plan de Apoio convértese na conxunto de actuacións idóneas para axustar o proceso de E-A ás características específicas do alumno e do seu contexto. A articulación dos elementos de dito plan posibilitan a planificación das actuacións do PT sobre a base da análise da realidade do centro, dos seus recursos, apoios externos, ideoloxía e trazos de identidade, e por último, da implicación e participación do contexto familiar (D229/2011).

O presente plan organízase por tanto como parte integrante das medidas de atención a diversidade formuladas para dar resposta as necesidades do conxunto do alumnado ao longo do curso 2022/2023, e encadrándose así mesmo dentro do Plan de Orientación.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Programa lévase a cabo no CEIP Apóstolo Santiago, centro dependente da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia cunha xornada en sesión única de mañá dende as 09.00h ás 14.00h.

Dadas as súas características xeográficas e sociais, centro da cidade compostelá, pode incluírse na categoría de centro urbano cun entorno socioeconómico e cultural medio-baixo ao cal asisten discentes de procedencia diversa que en moitos casos é matriculado iniciado o curso. Así é todo tamén é significativa a escolarización de alumnado de etnia xitana (con relacións familiares entre si), a notoria matrícula de educandos con necesidades específicas de apoio educativo (gran índice de casos con desfases curriculares e de medidas excepcionais como a repetición) e alumnado que recorre aos Servizos Sociais e a diferentes institucións públicas e asociacións. Cabe destacar a continua mobilidade de certos alumnos e alumnas matriculados que chegan e marchan da institución polas propias circunstancias persoais.

3. IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES DO ALUMNADO

Neste punto cómpre destacar o que nos di a O. do 8 de setembro do 2021 no artigo 12.1 sobre a avaliación inicial que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esta avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas ós alumnos/as e facilitar a debida progresión no seu proceso de ensino- aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

As necesidades principais do noso alumnado están recollidas nas observacións das actas de avaliación dos titores, así como nos informes dos especialistas de Pedagogía terapéutica de cursos anteriores e nos informes recollidos no Departamento de Orientación. Alén, coma sinalar que neste inicio do curso para completar a análise e identificación das necesidades dos discentes tamén se levou a cabo unha exhaustiva observación, que xunto ca avaliación inicial realizada nos primeiros días de curso, posibilitou establecer un marco xeral das necesidades do alumnado caracterizado por unha situación persoal vulnerable, falla de estratexias de resolución pacífica de conflitos e falla de autocontrol para resolvelos, discrepancia curricular importante con respecto ao grupo-aula, escasa motivación, concentración, vontade e hábitos de traballo, estilo e ritmo de aprendizaxe significativamente lento.

No aspecto curricular consideramos válidas as mesmas pautas, partir dunha avaliación que sitúe a liña base e marcar obxectivos realistas, que permitan acadar logros no proceso e sexan a motivación para continuar. Deberán acostumarse a aumentar o tempo de traballo, preguntar dúbidas e ser cada vez máis autónomos/as.

O tempo que se lle dedica dende esta especialidade será dentro ou fóra da aula segundo se valore en cada caso, modificándose ao longo da semana e/ou do curso. Os agrupamentos de alumnado quedan suxeitos tamén ao mellor xeito de aprender, buscando acordos co resto do profesorado. En todo caso non deben saír da aula ordinaria máis da terceira parte da xornada escolar.

4. COMPETENCIAS CLAVE

Partindo da lexislación vixente e seguindo os parámetros do novo enfoque educativo, traballárase dende un enfoque competencial caracterizado pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integrador dándolle cabida a todas as competencias do currículo e asegurando o seu desenvolvemento.

A Competencia de Comunicación Lingüística (CCL) traballárase de forma interdisciplinar en todas as áreas e contidos, a linguaxe é o principal instrumento de comunicación e incorporárase dentro da aula mediante unha metodoloxía activa e participativa co diálogo como principal ferramenta de comunicación e aprendizaxe.

Da Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencias e Tecnoloxías (CMCCT), extraeranse coñecementos tales como o espírito crítico, o coñecemento científico, os razoamentos matemáticos, o pensamento dedutivo e indutivo, etc. Para achegarse a información que nos rodea e afondar nos distintos

contidos os discentes empregarán a Competencia Dixital (CD) manexando distintos programas básicos e materiais audiovisuais.

Os discentes iniciaránse na aprendizaxe e serán capaces de continuala de maneira autónoma, aplicando a lóxica e habilidades propias da Competencia de Aprender a Aprender (CAA) a través da asemblea, das rutinas diarias ou do manexo do espazo e material da aula. Paralelamente a consecución do resto de competencias claves salientaranse a Competencia Sociais e Cívicas (CSC) que se relaciona estreitamente cos valores sociais e cidadáns.

A propia distribución das aulas do centro en grupos heteroxéneos de traballo cooperativo nos que se distribúen as responsabilidades e tarefas potencia a Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) a cal transforma as ideas en actos, posibilita coñecer as propias posibilidades e limitacións para escoller con criterio propio.

No referente á Competencia en Conciencia e expresións Culturais (CCEC), promoverase e traballarase mediante a realización de murais, decoracións para a aula e o centro e a elaboración de elementos para completar aspectos propios dos contidos de aula para así desenvolver o espírito creativo, a sensibilidade e sentido estético de cada un dos discentes.

5. OBXECTIVOS.

Como mestre especialista de Pedagogía Terapéutica, e en coordinación co resto do equipo de Orientación, propóñense unha serie de obxectivos que abarcan a toda a comunidade educativa, tal como se establece no PO. Estes obxectivos abarcan os seguintes ámbitos educativos:

En relación o centro:

- Participar na elaboración do Proxecto Educativo doutros documentos do centro

- Coordinarse cos profesionais do centro e de fóra del que interveñen na educación dos alumnos/as con NEAE.

- Colaborar na prevención, detección e valoración de necesidades educativas do alumnado.

En relación a familia:

- Fomentar a comunicación coas familias ou responsables legais, facilitando o intercambio de información útil para a boa marcha educativa.
- Informar das NEAE, da resposta educativa que se lle está dando, da súa evolución, da necesidade de continuas e medidas que poden ser de utilidade tomar dende a familia.
- Estimular a colaboración da familia no proceso educativo do seu fillo ou filla, co fin de favorecer a xeneralización das aprendizaxes a través da creación dunha escola de nais e pais

En relación o profesorado:

- Poñer en común os resultados das avaliacións individuais e/ou específicas.
- Difundir as propostas de intervención específicas e estratexias metodolóxicas para intervención tutorial e para facilitar aprendizaxes así como informar de materiais que se coñezan e poidan ser de utilidade.
- Realizar propostas de intervención colectivas en aula e individuais dende o DO, equipo de Convivencia e outros.
- Programar intervencións como prevención e abordar as potenciais neae o máis precozmente posible.
- Establecer a colaboración precisa entre o profesorado que intervén cun grupo ou alumno/a determinado, aínda que ao ser un claustro e un número de alumnos/as reducido pode ser efectivo que todos/as nos impliquemos na intervención tanto en casos de conduta como de aprendizaxe.

En relación o alumnado:

- Identificar factores de risco de neae coa fin da intervención precoz e a intervención coas neae xa detectadas.
- Propoñer aos titores/as programas de intervención co alumnado xa que ademais do apoio directo de especialistas, este alumnado require modificacións en distintos aspectos da práctica educativa que se desenvolva na aula, xa que tamén aí ten que seguir aprendendo.
- Dar atención individualizada, en pequeno grupo e/ou en aula ao alumnado no que o profesorado observa dificultades persoais-emocionais e/ou de aprendizaxe.
- Aumentar a autoestima e autonomía dos alumnos/as do centro.

6. CARACTERÍSTICAS DA INTERVENCIÓN

- Integrada no marco da proposta curricular do Centro
- Preventiva, intervindo o antes posible co fin de determinar os posibles casos de risco de alteracións do desenvolvemento do proceso E-A.
- Individualizada, contemplando a diversidade do alumnado.
- Continua, mantendo un seguimento en todo momento dos rapaces/as.
- Áreas de intervención: Desfases curriculares., dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade. Discapacidade intelectual, Trastorno do Espectro do Autismo (TEA), reforzo da lectoescritura e prevención de disortografía e/ou reeducación, reforzo da numeración, operacións e razoamento matemático, enriquecemento do autoconcepto e a mellora da comunicación (alumnado de RE e grupos-aula, se se considera adecuado), adquisición de Técnicas de traballo intelectual (TTI) e de hábitos de estudo (alumnado de RE).

7. ALUMNADO CON NEAE

Para o establecemento dos apoios por parte do profesorado de PT e Audición e Linguaxe (AL) e orientación seguíronse os criterios facilitados pola xefatura do departamento de orientación e a dirección do centro sendo estes os seguintes:

- Apoio prioritario ao alumnado con NEAE permanentes partindo dos niveis inferiores (etapa infantil, 1º ciclo, etc.).
- Dar continuidade aos apoios iniciados, sempre que se valore a prioridade. A proposta sae do DO unha vez analizada a información procedente das diferentes fontes e preséntase á Xefatura de estudos (XE).
- Atender ás demandas do profesorado e familias, sempre que se considere que é necesaria a axuda especializada.

En función do anterior, o horario de apoios de PT (inicial, é un horario susceptible de cambios e modificacións) confórmase por un total de 23 sesións na que se intervirá e dará resposta a un total de 23 discentes.

8. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE APOIO:

Previsiblemente a intervención contéplase para todo o curso, porén, esta estará suxeita a posibles modificacións en función da evolución dos discentes e das circunstancias que se sucedan.

- Apoio específico dentro da aula

Atenderase ao alumnado con NEAE na súa contorna ordinaria, favorecendo a súa inclusión e desenvolvemento dentro do grupo. Tamén servirá para asesorar e colaborar estreitamente cos mestres titores implicados. Durante este curso escolar realizaranse, na súa totalidade, 22 apoios dentro da aula ordinaria, todos eles na etapa de Educación Primaria.

- Apoio específico fóra da aula:

O centro conta cun aula propia de Pedagogía terapéutica situada na planta superior e equipada con gran variedade de recursos materiais e TICs para traballar co alumnado que así o precise (inicialmente esta modalidade de apoio non se contempla para cumprir así cas directrices dadas dende xefatura de estudos).

9. METODOLOXÍA

En canto a metodoloxía dicir que todas as accións educativas estarán guiadas polos principios de normalización e inclusión e polos criterios establecidos na PXA; ao tempo que están enmarcadas no modelo pedagóxico construtivista fundamentado nos estudos de Vygotski, Piaget e Ausubel. Para establecer as liñas metodolóxicas da miña intervención teño en conta autores máis recentes como César Bona, Francesco Tonucci e María del Mar Romera. Por iso a metodoloxía empregada é participativa, activa, funcional, significativa e interactiva. Neste senso a intervención específica co alumnado ten en conta unha abordaxe xeral é coordinada cos contidos e aspectos que se están a traballar na súa aula de forma que o proceso de aprendizaxe sexa o máis continuo posible. Cada caso trátase de forma concreta para desenvolver as súas capacidades no maior grado posible, partindo sempre do seu nivel de competencia e ofrecéndolle a todos os recursos necesarios para facer que esta aumente de forma significativa. Trato de que en todo momento de fomentar a motivación con todo tipo de actividades presentadas de forma lúdica na medida do posible. As intervencións lévanse a cabo nun entorno flexible, lúdico, motivador, con espazo para a interacción e a espontaneidade. Para elo fago un uso específico das seguintes estratexias metodolóxicas:

Selección de estratexias didácticas que, beneficiando ós alumnos/as que presenten necesidades específicas de apoio educativo resulten beneficiosas para o resto // Propiciar estratexias que favorezan unha experiencia directa, que propicien a reflexión e expresión por parte dos alumnos/as // Potenciar a xeneralización das aprendizaxes a outros contextos e realidades // Planificar o nivel de dificultade das actividades, buscando sempre o éxito do alumno.

De xeito xeral a liña metodolóxica empregada, que parte dunha visión construtivista do coñecemento, será aquela que achegue estrutura e flexibilidade ao mesmo tempo e que promova a participación activa do alumnado a través de modelos colaborativos (traballo cooperativo), partindo sempre do que sabe (ZDP), domina, coñece; é dicir, sempre dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e das súas fortalezas, para ir, pouco a pouco, aumentando a complexidade e a esixencia (desenvolvemento en espiral).

Estes principios metodolóxicos vertébranse dende a perspectiva dunha resposta para todas as necesidades presentadas por todo o alumnado dentro dun marco inclusivo de diferenciación curricular (enf. ecolóxico, DUA). Un dos aspectos primordiais será aproveitar a potencialidade dos estudantes como mediadores (titoría entre iguais, apr. cooperativa, rotativa de tarefas), avogarase por unha planificación multinivel adaptada ao seu ritmo e capacidades empregando a axuda directa e demostracións (modelado, pautas de actuación) e o xogo (gamificación) como principal recurso de intervención.

Para a intervención en TEA e DI: empregaremos a metodoloxía TEACCH de estruturación espazo-temporal, apoios visuais e pictogramas e outras estratexias como o apoio condutual positivo, a ensinanza incidental e funcional, a ensinanza sen erro, etc.

Por último engadimos tamén o que nos di a O. do 8 de setembro de 2021 no seu art. 45 que se poderán empregar distintas estratexias de traballo colaborativo tales como o traballo colaborativo, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe por servizo e titoría entre iguais. Os mestres empregarán metodoloxías que mellor se adapten ós alumnos/as.

10. AGRUPAMENTOS

Os agrupamentos percíbense como unha oportunidade dende o currículo para dar resposta ás individualidades de cada discente, porén, en función dos criterios achegados pola xefatura do departamento de orientación e da dirección do centro optouse por unha modalidade de apoio ou estimulación con actividades coordinadas cos titores/as na aula ordinaria ou de forma individualizada ou en pequeno grupo (os grupos non excederán os 5 integrantes, sendo na súa meirande parte conformados por 2-3 discentes) coa finalidade de que dita intervención sexa o máis eficiente posible. Como criterios principios de agrupamento serán considerados o nivel evolutivo/idade e a similitude das necesidades e demandas.

11. RECURSOS

A importancia dos recursos educativos aparece reflectida no capítulo VI do Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado. A toma de decisións sobre a provisión de recursos específicos, tanto materiais como persoais, estará sempre fundamentada na avaliación psicopedagóxica e debe rexerse polos principios de normalización e integración, priorizando os recursos ordinarios fronte ós

extraordinarios. En canto os recursos podemos falar de: recursos persoais, materiais e organizativos. Podemos distinguir entre os recursos persoais tanto internos como externos ao centro. En relación aos recursos persoais internos podemos destacar aos titores/as, o equipo docente de área, o mestre de PT e a mestre de AI e a orientadora. En canto aos recursos persoais externos atopamos ao equipo de orientación específico, as familias, a ANPA o Concello, gabinetes psicopedagóxicos, asociacións e psicólogos dos alumnos. Non debemos esquecer á familia, que é un dos recursos humanos externos máis importantes.

Os recursos materiais deben axustarse a o nivel de desenvolvemento do alumnado, sendo variados e motivadores. Utilizaremos recursos dos que dispón o centro, a aula ordinaria e a aula de PT. Estes serán variados, favorecendo o emprego das Tics, que se adapten ás necesidades e características persoais de cada un dos alumnos/as. Cabe destacar que elaboro todo aquel material específico que sexa necesario para atender á diversidade (AC). En canto ós recursos organizativos remitireime o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, que distingue entre medidas ordinarias e extraordinarias de atención a diversidade (exemplos xa mencionados no punto 6). As reunións da CCP, as reunións cos demais membros do D.O., as reunións cos coordinadores de curso, coas familias e con servizos externos; todos eles son recursos de carácter organizativo que axudan de xeito significativo á hora de organizar o proceso de ensino-aprendizaxe no noso centro. En relación a xestión dos espazos hai que salientar a eliminación de barreiras arquitectónicas é o emprego de ascensores e ramplas, o acondicionamento do centro e mobiliario adaptado. As experiencias de ensinanza aprendizaxe desenvólvense sempre que sexa posible dentro da aula ordinaria. Naqueles casos nos que se requira unha actuación máis específica e individualizada pasamos a traballar na aula de apoio. Ofrecéselle así ao alumnado un ambiente moi estruturado (na medida do posible), evitando contextos desorganizados e minimizando as distraccións visuais e auditivas.

Santos Guerra define a avaliación como “un proceso de diálogo, comprensión e mellora”. Aínda que a avaliación proposta parte dunha planificación exhaustiva, ten un carácter continuo e global de xeito que permita tomar decisións adaptadas ás necesidades que van xurdindo ao longo do proceso.

Realizaremos unha avaliación inicial para establecer o nivel de competencia curricular dos nosos alumnos/as coa finalidade de adecuar a resposta educativa que precisan as súas capacidades e así poder fixar: obxectivos, marcar estratexias metodolóxicas, planificar o tipo de actividades que mellor se adecúen as súas características e incorporar contidos.

Ao longo do curso realizaremos unha avaliación continua que nos permita saber en que momento da aprendizaxe se atopan os nosos alumnos/as para así poder tomar decisións que melloren o proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Faremos unha avaliación final, para determinar a consecución ou non dos obxectivos marcados. Para elo terase en conta as modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento e todos os cambios relevantes levados a cabo para a consecución dos obxectivos. Teñamos en conta que partimos do criterio de avaliación positiva e informativa, de tal xeito que o discente entenda esta valoración como un instrumento básico para a súa propia superación e como constatación dos avances experimentados.

A avaliación é unha tarefa compartida, entre docentes (titora, especialistas en outras áreas, PT, AL, orientador...) alumnado e familias.

Os recursos materiais (funxibles, didácticos e non didácticos) son diversos e con certos cambios e adaptacións co fin de axustarse mellor as demandas individuais do alumno, primando aqueles que favorecen o acceso pola ruta visual (picto- logogramas) primando así os sensoriais e manipulativos (flashcards, xogos específicos, taboleiros...), e TICS (Genially, Wordwall, Flippitty...).

Porén, si resulta interesante citar dentro dos recursos humanos internos a importancia da coordinación entre a titora de aula, os mestres, os compañeiros/as e a intervención do DO; entre as coordinacións cos rec. externos destaca a participación da familia (axenda bidireccional,etc.), os distintos especialistas que colaboran nos programas do centro, outros servizos da comunidade e o asesoramento do EOE.

En canto aos recursos organizativos primarase estruturar o ambiente educativo en rincóns de actividades e os grupos flexibles que potencien a ap.cooperativa,..

12. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN:

O esquema na planificación e deseño dos programas é o seguinte:

1. DATOS PERSOAIS.

2. DATOS PEDAGÓXICOS.

3. AVALIACIÓN INICIAL.

4. NEAE.

5. OBXETIVOS XERAIS

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

7. COMPETENCIAS CLAVE

8. CONTIDOS.

9. ACTIVIDADES.

10. METODOLOXÍA.

11. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS.

12. ORGANIZACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DO APOIO.

13. AVALIACIÓN DO PROPIO PLAN.

14. INTERVENCIÓN COA FAMILIA.

TEMPORALIZACIÓN.

A organización temporal das accións e sesións deseñadas para o actual curso académico 2022-2023 estableceuse en función das necesidades dos destinatarios contemplados nas propostas de intervención recollidas no plan e da iniciativa de realizar o apoio nas áreas e materias nas que se identifican as necesidades. Este organigrama temporal adaptarase ás necesidades de cada caso concreto e ás posibilidades horarias dos especialistas do departamento de orientación e procurará facer coincidir as sesións de apoio de PT cas sesións das áreas troncais do currículo.

De xurdir durante o transcurso do curso novas necesidades revisarase o horario e a súa disposición en relación ás sesións dedicadas a cada un dos discentes para realizar os axustes pertinentes.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	2º	2º	GARDA	2º	2º
9:50-10:40	6ºA	6ºB	6ºB	2º	2º
10:40-11:30	2º	3º	3º	6ºA	6ºA
11:30-12:00	R	E	CR	E	O
12:00-12:20	Plan Lector				
12:20-13:10	3º	6ºA	2	6ºB	GARDA
13:10-14:00	D.O	GARDA	6ºB	2º	2º

14. AVALIACIÓN

Segundo os principios establecidos no actual modelo educativo presentan un proceso de avaliación caracterizado por ser continuo, global, formativo e integrador (O9 de xuño do 2016 pola que se regula a avaliación en EP). Os alumnos/as serán avaliados en función dos criterios establecidos na programación (PAT)

do grupo de referencia. Así mesmo contarán cun informe final, que será o punto de referencia para o seguinte curso.

Neste punto teremos en conta tamén o D 155/2022 no seu art.21 que confirma o anteriormente e di que o contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno no sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación preséntase dende o seu enfoque máis innovador, o cal permite aportar maior calidade á mesma finalidade última de presentar un modelo serio e rigoroso á par que eficaz.

Ao longo do curso escolar destacarán tres momentos claros do proceso de avaliación segundo o momento en que se realizan: a avaliación inicial, dende a cal iniciar a aprendizaxe; a avaliación continua, imprescindible dentro do marco dunha concepción formativa da avaliación e como último momento, a avaliación final que me permitirá valorar unha serie de datos co fin de pescudar e validar da consecución dos obxectivos para o curso.

No proceso avaliativo dos discentes, tanto na avaliación continua como nas avaliacións finais terase en conta o grado de dominio das competencias correspondentes á etapa mediante o uso de procedementos de avaliación e instrumentos de obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas. Por tal motivo seleccionei como procedementos a observación sistemática do alumnado, así como as probas obxectivas, tanto orais como escritas, que valoran, alén do coñecemento, as destrezas, actitudes e procedementos.

Como instrumentos para plasmar a información seleccionei as listas de control, que recollen capacidades ou situacións que observar, o portfolios nos que se recompilen as tarefas e traballos producidos polos escolares e os diarios de clase. Para efectuar a avaliación do alumnado foi primordial establecer os criterios de avaliación que marcan o grao e tipo no que deben de adquirirse as capacidades expresadas nos obxectivos, tendo en conta os fixados en cada un dos programas de intervención.

Co fin de aportar maior calidade ao proceso avalíase ao finalizar o curso o propio papel como mestra de PT, o desenvolvemento do Plan para este curso e os Programas de Intervención. Deste modo, foi preciso establecer unha escala de estimación para calibrar adecuadamente o grao de consecución dos obxectivos sinalados para a valoración dos criterios da avaliación en función dunha correspondencia de valoracións.

Ao finalizar o curso escolar, avaliarase o grao de cumprimento do plan de apoio e as conclusións obtidas serán recollidas nunha memoria final que consistirá nun balance crítico, unha autoavaliación, do cumprimento global do plan e do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron, analizando as dificultades e resultados obtidos, propoñendo solucións e sacando as conclusións que coiden oportunas.

Jonathan Guardado Gesto

Mestre en Pedagogía Terapéutica

ANEXO II

PLANS DE APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE

1. Introducción

A atención á diversidade nunha escola inclusiva puxo en valor a individualización do proceso de ensino-aprendizaxe, que debe adaptarse ás distintas realidades das alumnas e dos alumnos do sistema educativo: ás súas potencialidades, ao seu desenvolvemento, aos seus ritmos, aos seus estilos e ás súas particulares formas de ser e de aprender. E isto cobra especial significado cando se trata do alumnado con necesidade específica de apoio educativo para abordar o seu proceso educativo de forma individualizada. Tal e como se recolle na LOMLOE, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (NEE), por dificultades específicas de aprendizaxe (DEA), Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, e por condicións persoais ou de historia escolar, para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais. En consecuencia, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que se deberá ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todo o alumnado, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

Tendo en conta este punto de partida, no CEIP Apóstolo Santiago, e, desde a intervención do especialista de Audición e Linguaxe, trátase de dar resposta ás posibles dificultades atopadas no ámbito comunicativo-lingüístico do noso alumnado, proporcionando unha atención personalizada e buscando minimizar e superar as mesmas. Nesta programación establécese o marco de actuación do especialista de Audición e Linguaxe, actuación que pretende ser o máis estruturada e planificada posible, tendo en conta a flexibilidade que precisa toda programación educativa, máis se cabe cando a poboación destinataria desta intervención se enmarque maioritariamente dentro da categoría do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Alumnado

O mestre de AL dedícase a potenciar as capacidades comunicativo-lingüísticas e a tratar as NEAE asociadas a problemas específicos de linguaxe e comunicación, contextualizando o seu labor coas características do propio centro.

O alumnado a atender neste curso, tendo en conta que pode sufrir modificacións ao longo do mesmo pola detección de novas necesidades, foi seleccionado en función, por un lado, da información que obra en poder do D.O. - entre ela, informes do orientador/a, dos titores/as, do profesorado de apoio, dos especialistas en PT ou en AL de anos anteriores. Nos cales vai atender ao seguinte alumnado:

Alumna con 5º de Ed. Infantil con Atraso da Linguaxe

Alumno con 6º de Ed. Infantil con Atraso da Linguaxe

3 alumnos con déficits na Teoría da Mente en 1º de Ed. Primaria.

Alumnado de 2º de Ed. Primaria con dislalias e pluridislalias.

Alumno con déficits na Teoría da Mente en 2º de Ed. Primaria.

Alumno de 3º de Ed. Primaria con T.E.A. e discapacidade intelectual.

Alumnado de 3º de Ed. Primaria con dislalias

Alumnado de 5º de Ed. Primaria con desfase curricular significativo.

Alumno de 6º de Ed. Primaria con TEA e discapacidade intelectual.

Alumna de 6º de Ed. Primaria con dislalias.

Alumnado con dificultades no proceso lecto-escritor.

3.- Obxectivos da programación

O obxectivo xeral será proporcionar unha educación inclusiva que recoñeza a diversidade da poboación escolar e lle dea unha resposta axeitada, adoptando distintas medidas para poder adaptarse aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe da totalidade do alumnado.

Podemos considerar outros obxectivos xerais a toda programación de AL, como son:

En relación ao centro:

1. Participar nas medidas de atención á diversidade.
2. Colaborar coa xefatura de estudos.
3. Elaborar estratexias que facilitan a comunicación e prevención de trastornos da linguaxe oral e escrito.
4. Elaborar conxuntamente co titor as ACS.
5. Manter contacto periódico cos titores para xeneralizar logros ou constatar dificultades.
6. Asesorar ao profesorado no ámbito da atención ás NEAE.

7. Fomentar o gusto pola lectura.

8. Previr dificultades e estimular a comunicación.

9. Garantir a actuación coordinada de mestres e mestras e especialistas para a corre

En relación ao alumnado:

1. Desenvolver e aumentar as capacidades previas da linguaxe: atención, memoria, musculatura, relaxación, comunicación xestual-expresiva, alimentación.

2. Potenciar as bases anatómico-funcionais: respiración, sopro, discriminación auditiva e mobilidade dos órganos bucofonadores.

3. Producir mensaxes orais con fluidez atendendo a habilidades non lingüísticas: entoación, ritmo e xesto.

4. Rehabilitar trastornos xa instaurados nos nenos e as nenas.

5. Articular correctamente todos os fonemas.

6. Adquirir léxico, pertencente a distintos campos semánticos.

7. Construír e empregar formas morfolóxicas e sintácticas adecuadas a cada nivel.

8. Empregar a lingua oral e por escrito como instrumento de aprendizaxe e planificación da actividade.

9. Empregar cando sexa necesario un Sistema Alternativo ou Aumentativo de Comunicación.

10. Transferir, integrar na lingua espontánea, fonemas, vocabulario e estruturas gramaticais traballadas e uso da linguaxe correcta.

En relación á familia:

1. Manter contacto cotiá.
2. Explicar en que consiste o problema de comunicación que presenta o neno.
3. Implicar no área da linguaxe dando pautas concretas de actuación.
4. Reforzar os resultados.
5. Asesorar de forma axeitada ás familias e estar en continua coordinación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

CAPACIDADES FAVORECEDORAS:

- Favorecer e mellorar a atención.
- Desenvolver a percepción auditiva e visual.
- Potenciar e mellorar as diversas memorias.
- Fomentar a imitación directa.
- Desenvolver progresivamente a capacidade simbólica a través do xogo.
- Adquirir e utilizar as nocións espazo-temporais básicas.
- Tomar conciencia da tensión e da relaxación das distintas partes do corpo.
- Mellorar e adquirir un patrón respiratorio adecuado.

- Conseguir unha axeitada coordinación-fonorespiratoria.

NIVEL FONÉTICO-FONOLÓXICO:

- Conseguir un maior control da tonicidade e mobilidade dos órganos bucofonatorios, así como unha maior precisión e coordinación dos mesmos na articulación.
- Mellorar a capacidade de discriminación dos mesmos na articulación.
- Aumentar a memoria auditivo secuencial.
- Favorecer a conciencia fonolóxica.
- Lograr unha correcta adquisición, integración e xeneralización do repertorio fonolóxico da nosa lingua.
- Lograr a correcta articulación de todos os fonemas.
- Lograr a correcta articulación dos ditongos crecentes e decrecentes.
- Lograr a correcta articulación dos grupos consonánticos.
- Lograr a correcta articulación na linguaxe espontánea.

NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO:

Aumentar o vocabulario e a capacidade de evocación.

Incrementar a capacidade léxica a nivel comprensivo e expresivo.

Comprender as relacións semánticas existentes nas palabras.

Ampliar o campo semántico do alumno mediante o desenvolvemento das capacidades para establecer asociacións, comparacións, clasificacións, categorizacións e definicións semánticas.

NIVEL MORFO-SINTÁCTICO:

- Adecuar a estrutura morfosintáctica a idade do alumnado.
- Desenvolver o correcto uso dos diferentes elementos morfosintácticos da linguaxe.
- Favorecer a conciencia sintáctica.
- Establecer e afianzar o esquema de oración simple.
- Desenvolver o uso de oracións compostas.

LINGUAXE COMPRENSIVA:

- Desenvolver a capacidade de interpretación e seguimento de ordes e mensaxes orais.
- Comprender o significado de frases de dificultade crecente.
- Desenvolver a capacidade de captar e recompilar os detalles máis relevantes de relatos oídos.
- Desenvolver a lóxica verbal.
- Favorecer a comprensión da linguaxe explícita.

PRAGMÁTICA:

- Desenvolver as distintas funcións da linguaxe.

- Analizar o uso das distintas funcións que o neno atribúe á súa linguaxe.
- Desenvolver a capacidade de participar en conversas en grupo.
- Desenvolver a capacidade de participar a nivel oral en actividades da vida cotiá.

PROSODIA:

- Controlar o ritmo da expresión oral mediante o traballo de secuencias rítmicas que respecten os aspectos estruturais da linguaxe oral.
- Conseguir unha correcta entoación.
- Conseguir unha intensidade de fala controlada, variada e expresiva, evitando a monotonía.
- Procurar unha velocidade de locución normal e intelixible.
- Realizar correctamente as pausas no discurso oral.
- Utilizar o ritmo, entoación e intensidade axeitados a cada momento do discurso.

VOZ:

- Implantar hábitos de hixiene vocal e rinofarínxea.
- Evitar bloqueos, interxeccións e contraccións respiratorias.
- Favorecer a relaxación dos órganos fonoarticulatorios durante a fonación.
- Axilizar e flexibilizar os órganos articulatorios para acadar un maior aproveitamento dos resoadores e mellorar a claridade articulatoria.

- Manter unha correcta coordinación fonorespiratoria, procurando a emisión vocal durante o proceso expiratorio.
- Mellorar a calidade do timbre da voz, levando a cabo sempre a emisión vocal durante a expiración.
- Mellorar a calidade do timbre da voz, tratando de potenciar o uso das caixas de resonancia.
- Obter un ataque vocal suave e preciso.
- Utilizar unha altura tonal axeitada a fin de conseguir unha voz máis melódica.

COMUNICACIÓN NON VERBAL:

Crear ao e neno e nena a necesidade de comunicarse.

Adquirir e desenvolver capacidade comunicativa (comprensiva e expresiva).

Potenciar a linguaxe a través do corpo.

Dotar dun instrumento de comunicación naqueles casos que sexa preciso: SAAC

Proporcionar a súa familia, profesorado e persoas do seu entorno máis próximo as estratexias e habilidades conversacionais utilizadas na comunicación.

LECTOESCRITURA:

- Desenvolver a conciencia fonolóxica.
- Adquirir, automatizar e xeneralizar o uso das regras de conversión grafema-fonema/ fonema-grafema.
- Favorecer unha boa mecánica lectora.

- Establecer e afianzar representacións léxicas para palabras e asocialas a o seu significado (ler globalmente unha palabra).
- Desenvolver a lectura comprensiva.
- Comprender e diferenciar os conceptos “maiúscula-minúscula”, “vogal-consoante”.
- Desenvolver a capacidade de escribir con letra clara.
- Lograr transcribir con corrección ortográfica palabras e frases.
- Desenvolver a comprensión escrita: expresión.
- Adaptar os métodos de adquisición da lectoescritura ás características do alumnado.

4.- Competencias clave

A continuación, desenvolveremos a maneira que teremos na aula de traballar as competencias clave de forma integrada, de xeito que poidamos desenvolverlas dunha óptima forma e nas diferentes maneiras e espazos do centro educativo, non só restrinxindo cada competencia a unha materia concreta. Desta maneira, desenvolveremos as competencias clave realizando as seguintes actividades:

1. COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CL) - Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral - Adquirir vocabulario referente ó colexio, a familia, a casa, a rúa, alimentos, ou corpo humano e outros elementos do contexto, tanto na lectura como na comprensión oral e escrita. - Potenciar as habilidades lingüísticas, ademais das persoais e emocionais. - Expresar na medida das súas posibilidades pensamentos, ideas, emocións, vivencias. - Dialogar en grupo ou en parella para fomentar a escoita, a quenda de palabra, e a expresión oral - Comprender e expresar de maneira oral o sentido completo dun conto ou un texto acorde co seu nivel. - Fomentar o gusto pola lectura como medio de aprendizaxe e diversión. - Utilizar diferentes códigos de comunicación, explotando as vantaxes de cada un. - Buscar, recompilar e procesar información oral e escrita. - Coñecer as regras básicas do sistema da lingua galega e castelá. - Comunicarse noutros idiomas que non sexan a lingua materna. - Adaptar a comunicación e os elementos intercomunicativos ao contexto social. - Xerar

ideas, hipóteses, supostos, interrogantes... - Comprender textos literarios e valorar a súa importancia no eixo cultural. - Dar coherencia e cohesión ao discurso, ás propias accións e tarefas. - Formular e expresar os propios argumentos dunha maneira convincente e adecuada ao contexto. - Practicar o intercambio comunicativo en diferentes situacións, con ideas propias. - Interactuar de forma adecuada lingüisticamente. - Manexar diversas fontes de información de forma correcta, adoitando a información cun punto de vista crítico. - Gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral-escrita. - Eliminar estereotipos e expresións sexistas. - Formarse un xuízo crítico e ético. - Realizar críticas con espírito construtivo.

2. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT). - Pór en práctica procesos de razoamento e de desenvolvemento da atención - Empregar o cálculo de sumas e restas, multiplicacións e divisións en situacións cotiás (pezas de vestir, alimentos, horas) - Coñecer os números naturais e aplicalos a situacións da vida diaria - Utilizar as novas tecnoloxías para realizar problemas matemáticos sinxelos dunha operación. - Coñecer os elementos matemáticos básicos. - Comprender unha argumentación matemática. - Seguir determinados procesos de pensamento (como a indución e a dedución, entre outros). - Integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento. - Expresarse e comunicarse na linguaxe matemática. - Expresar e interpretar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. - Seguir cadeas argumentais identificando as ideas fundamentais. - Estimar e axuizar a lóxica e validez de argumentacións e informacións. - Identificar a validez dos razoamentos. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións cotiás. - Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible. - Manexar os elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacións reais ou simuladas da vida cotiá. - Aplicar algoritmos de cálculo ou elementos da lóxica. - Poñer en práctica procesos de razoamento que levan á obtención de información ou á solución dos problemas. - Utilizar os elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan.

3. COMPETENCIA DIXITAL (CD). - Usar o ordenador mediante a posta en práctica de aplicacións informáticas que favorezan a aprendizaxe - Nomear as distintas partes do ordenador - Utilizar as novas tecnoloxías para realizar problemas matemáticos sinxelos dunha operación - Iniciarse no uso do ordenador mediante o coñecemento do que ocorre noutras partes do mundo, coñecer outros animais, buscar fotografías... - Buscar, analizar, seleccionar, rexistrar, tratar, transmitir, utilizar e comunicar a información utilizando técnicas e estratexias específicas para informarse, aprender e comunicarse. - Dominar e aplicar en distintas situacións e contextos linguaxes específicas básicas: textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro. - Empregar diferentes recursos expresivos ademais das TIC. - Aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos

diferentes tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que esta adoita expresarse. - Comprender e integrar a información nos esquemas previos de coñecemento. - Procesar e xestionar adecuadamente información abundante e complexa. - Facer uso habitual, dentro das súas posibilidades, dos recursos tecnolóxicos dispoñibles na súa contorna. - Avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas. - Analizar a información de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o colaborativo. - Xerar producións responsables e creativas.

4. APRENDER A APRENDER (CAA). - Acceder á construción de coñecementos mediante a linguaxe - Utilizar a lingua para analizar problemas da vida cotiá, elaborar plans e tomar decisións - Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu - Utilizar ferramentas matemáticas (números, calculo, nocións espazotemporais...) para novos aprendizaxes, tanto escolares como da vida cotiá - Comprender problemas lidos e ser capaz de determinar a operación a realizar - Comprender e analizar situacións cotiás nas que as matemáticas están presentes - Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu - Utilizar los coñecementos adquiridos en situacións diferentes - Ser consciente do que pode facer por si mesmo e o que pode facer con axuda dos demais. - Ser consciente das propias capacidades (intelectuais, emocionais e físicas). - Coñecer as propias potencialidades e carencias. - Ter conciencia das capacidades de aprendizaxe: atención, concentración, memoria, comprensión e expresión lingüística, motivación de logro, etc. - Exporse preguntas. Identificar e manexar a diversidade de respostas posibles. - Saber transformar a información en coñecemento propio. - Aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos. - Aceptar os erros e aprender dos demais. - Exporse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo. - Ser perseverantes na aprendizaxe. - Administrar o esforzo, autoavaliarse e autorregularse. - Afrontar a toma de decisións racional e criticamente. - Adquirir responsabilidades e compromisos persoais. - Adquirir confianza en si mesmo e gusto por aprender. - Obter un rendemento máximo das capacidades de aprendizaxe coa axuda de estratexias e técnicas de estudo.

5. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC). - Percibir o colexio como o espazo físico no que se desenvolve parte da súa vida cotiá - Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo - Realizar observacións para desenvolver a curiosidade - Utilizar a lingua para obter e expresar información do que ocorre - Empregar a linguaxe para expresar opinións sobre o medio físico - Comprender, analizar e interpretar información a través dunha receita de cociña - Fomentar o interese por coñecer e interpretar a información que ofrece o reloxo, o calendario - Coñecer o vocabulario relativo aos animais e aos fenómenos atmosféricos - Aplicar o vocabulario coñecido ao que sucede na súa contorna - Coñecer onde se fala esta lingua e as principais diferenzas co noso país - Fomentar o interese por coñecer e interpretar a información que ofrece un mapa dunha

casa, dun pobo, dunha provincia - Valorar a importancia de conservar o medio ambiente - Propiciar situacións de reciclaxe e reutilización de materiais - Adoitar unha disposición para unha vida saudable - Fomentar a importancia de ter un consumo de auga e enerxía racional e responsable - Fomentar a importancia de conservar o hábitat dos animais. - Analizar os fenómenos físicos e aplicar o pensamento científico-técnico para interpretar, predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal. - Conservar os recursos e aprender a identificar e valorar a diversidade natural. - Analizar os hábitos de consumo e argumentar consecuencias dun tipo de vida fronte a outro en relación cos devanditos hábitos. - Percibir as demandas ou necesidades das persoas, das organizacións e do medioambiente.

6. SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE). - Desenvolver habilidades sociais, como o dialogo, o traballo en equipo, a empatía - Aceptar normas de convivencia - Comprender a realidade social na que se vive - Desenvolver hábitos de comportamento responsables - Fomentar as intervencións dos alumnos no seu contexto de grupo . - Analizar os fenómenos físicos e aplicar o pensamento científico-técnico para interpretar, predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal. -Adecuar os seus proxectos ás súas capacidades. - Afirmar e defender dereitos. - Afrontar os problemas dun xeito construtivo e evitando a frustración, contemplando cando se debe de pedir axuda. - Analizar posibilidades e limitacións propias e alleas. - Aprender dos erros. - Coñecerse a si mesmo e autocontrolarse. - Demorar a necesidade de satisfacción inmediata. - Planificar proxectos persoais. - Manter a motivación e autoestima dos proxectos que se prantexan. - Organizar de forma adecuada tempos e tarefas. - Ser asertivo e ter empatía. - Ser creativo e emprendedor. - Ser perseverante e responsable. - Ter actitude positiva respecto ao cambio. - Ter confianza en si mesmo e espírito de superación. – Saber traballar cooperativamente.

7. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC). - escoitar, comprender e valorar narracións orais sinxelas ou adaptadas de diversos autores - Promover o mantemento da atención durante a escoita de contos ou outras narracións orais - Promover o gusto pola lectura - Memorizar poesías sinxelas ou adaptadas de diversos autores - Utilizar composicións artísticas baseadas en figuras xeométricas para traballar contidos matemáticos - Realizar debuxos seguindo indicacións para fomentar a creatividade, así como realizar debuxo libre - Realizar manualidades con diferentes materiais, fomentando o gusto pola creación e a construción - Coñecer as tradicións das diferentes festividades da súa localidade e valorar a importancia que estas teñen - Vivenciar ditas festividades cos seus compañeiros e o resto da comunidade educativa. - Apreciar e gozar coa arte e outras manifestacións culturais. - Dispoñer das habilidades e actitudes que permiten acceder ás súas manifestacións de pensamento, perceptivas, comunicativas e de sensibilidade e sentido estético. - Empregar algúns recursos para realizar creacións propias e a realización de experiencias artísticas compartidas. - Coñecer e contribuír á

conservación do patrimonio cultural e artístico da comunidade e doutros pobos.- Aplicar habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborativo. - Cultivar a propia capacidade estética e creadora. - Participar na vida cultural da comunidade. - Valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo intercultural. - Poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos. - Desfrutar da música e deleitarse coas diferentes expresións musicais e pezas de danza.

No tocante ao mestre de AL, a función é fomentar o desenvolvemento de todas e cada unha das competencias clave, facendo especial fincapé na comunicativo-lingüística e todas aquelas que teñen relación directa co eido da comunicación e da linguaxe, como son: a competencia clave dixital; as competencias sociais e cívicas; aprender a aprender; sentido da iniciativa e espírito emprendedor; e conciencia e expresión cultural. No que respecta a competencia comunicativo-lingüística abordárase dende unha triple dimensión: escoitar, falar e ler e escribir. O obxectivo é que o/a neno/a sexa competente neses tres aspectos ao rematar a escola, referíndonos non só ós coñecementos, senón a: comprensión verbal e non verbal, adecuar o nivel da fala á situación, ser activo nas conversas, respectar a quenda de palabra e as diferentes opinións, reflexionar, aprender varias linguas, etc.

5.- Organización xeral da atención e apoios

O reforzo educativo baseado nas programacións de aula pretende ademais facer fincapé nos seguintes aspectos:

- Reforzo xeral e mellora das funcións executivas: intervencións na mellora da atención, da memoria operativa, de autoinstrucións para mellorar a planificación e o control inhibitorio, a relaxación, etc...
- Mellora dos procesos lecto-escritores: intervencións na conciencia fonolóxica, silábica e morfé mica, de coñecemento alfabético e de vocabulario, de estimulación da velocidade, eficacia e fluidez lectora, comprensión lectora, etc.
- Mellora da conduta, a autoestima, as habilidades sociais, a motivación e o reforzo cognitivo-condutual para o autocontrol.

- Prevención de dificultades e mellora da linguaxe oral en todos os seus niveis (fonolóxico, semántico, morfosintáctico e pragmático), do cálculo e razoamento matemático e de aspectos procesais, pragmáticos, manipulativos e psicomotores.
- Favorecer a adquisición e o uso de coñecementos matemáticos para interpretar, valorar e producir mensaxes sobre fenómenos coñecidos, susceptibles de interpretación en clave matemática.
- Desenvolvemento doutros programas específicos que se poidan instaurar durante o curso si se aprecia a necesidade e son factibles atendo a factores de temporalización, espazo, etc.

Tendo en conta as necesidades do centro e no alumnado escolarizado nel, seguindo as directrices que se propoñen na CCP e o recollido no PE así como no D.229/2011 de atención a diversidade e a Orde do 8 de setembro de 2021, o principal fin que se pretende para atender a diversidade é ofrecer unha educación que garanta a igualdade de oportunidades e que sexa de calidade, baseada nos principios de normalización e inclusión educativa.

Tendo en conta todo isto, os criterios que se propón para a atención do alumnado é o seguinte:

Alumnado que presenta NEE

Atención ao alumnado con AC.

Alumnado que ten informe psicopedagóxico (TDAH, TEA por exemplo).

Alumnado con NEAE asociadas a dificultades de aprendizaxe ou desvantaxe sociocultural (cun desfase curricular e con dificultades en LC, LG e Matemáticas).

Alumnado de incorporación tardía (por razón que sexa).

Segundo as necesidades de cada alumnado, priorizaranse aquelas actividades nas que amosen maiores dificultades, tendo en conta a seguinte orde como norma xeral.

- Prerrequisitos da aprendizaxe: atención, percepción, memoria, razoamento, comprensión.
- Nivel fonolóxico.
- Léxico tanto a nivel comprensivo como expresivo.
- Morfosintaxe, crear unha estrutura lóxica da frase de maior complexidade.
- Pragmática da linguaxe, tendo en conta as distintas funcións comunicativas.
- Lectura e escritura.
- Desfrute da lectoescritura.
- Integración e socialización do alumnado no centro e con toda a comunidade educativa.
- Independencia persoal e autoestima.
- Xeneralización das novas aprendizaxes.

6.- Metodoloxía

A metodoloxía que vamos a utilizar está baseada na aprendizaxe significativa e funcional, é dicir, hai que partir dos coñecementos previos do alumnado, das súas capacidades, intereses, motivacións e das súas necesidades, coa finalidade de que as aprendizaxes teñan sentido para el e, sobre todo, que lle sirvan para formarse como persoa e lle permitan desenvolverse con eficacia e autonomía na súa vida diaria.

Ademais teremos en conta unha metodoloxía activa e participativa, que esperte no alumnado actitudes de curiosidade, indagación, espírito crítico e que mediante o traballo persoal, tanto individual como colectivo, lles capacite para aprender a aprender.

Perséguese unha aprendizaxe construtiva na que o alumnado sexa, na medida do posible, suxeito activo na construción dos seus propios coñecementos, priorizando os obxectivos e contidos máis funcionais.

O proceso formativo será global, de xeito que contribúan ao desenvolvemento íntegro da persoa, polo que se abordará dende un enfoque interdisciplinar. Con todo isto, a labor educativa con este alumnado, basearase na responsabilidade, a reflexión, o esforzo, a colaboración, o diálogo, o respecto mutuo, a tolerancia e a solidariedade.

En relación a abordar as dificultades comunicativo – lingüísticas que poida presentar o alumnado, fomentárase en todo momento a comunicación, establecendo relacións e situacións comunicativas a través de procesos participativos, promovendo a diversificación dos métodos de ensino-aprendizaxe, mediante o uso de distintos materiais curriculares adaptados ás características individuais deste alumnado.

Hai que ter en conta que se deben propoñer metas curtas, para facilitar o seu logro e así lles poida servir de reforzo e motivación para seguir traballando.

Utilizaremos reforzos positivos e, nos casos que sexa necesario, haberá que traballar a mellora da autoestima, para que se vexan capaces de afrontar as distintas dificultades que teñan que superar.

Intentarase crear un clima motivador e agradable para o traballo, onde o alumnado se sinta cómodo e esperte o seu interese polo traballo, facilitándolle estratexias e recursos para lograr os obxectivos programados.

Por último, destacar a importancia da xeneralización, é dicir, hai que buscar en todo momento que o alumnado sexa capaz de integrar e utilizar as novas aprendizaxes na súa vida diaria.

7.- Organización de espazos, temporalización, recursos e coordinacións

Esta programación desenvolverase ao longo do curso académico 2022/2023. O horario foi elaborado polos membros do D.O. do que forma parte o especialista en AL, e tendo en conta cada caso particular, para decidir o lugar onde se vai atender ao alumnado, a cantidade de sesións semanais, a duración de cada sesión, o carácter individual ou colectivo (en pequenos grupos)..., sempre tendo presente a Orde do 8 de setembro de 2021, que nos indica que o tempo que o alumnado pode ser atendido fóra da súa aula ordinaria non pode superar un terzo da xornada escolar.

A intervención do mestre de AL realizarase na aula ordinaria ou na aula específica, onde se lles dará unha atención máis individualizada ou en grupo pequeno. Durante este curso a intervención co alumnado realizarase maioritariamente na aula ordinaria debido aos principios de inclusión educativa.

O proceso de intervención terminará cando o alumnado alcance os obxectivos propostos e a xefa do D.O. o considere oportuno.

O horario para este curso será aberto e flexible, podendo diminuír ou incrementar as horas de atención educativa en función, como xa dixemos anteriormente, das altas, se as houbera, ou de novas necesidades que se vaian detectando ao longo do curso.

As reunións que se deben manter ao longo do curso para favorecer o intercambio de información e a coordinación axeitada entre os profesionais que traballan co alumnado a atender son como mínimo as seguintes:

- Reunión semanal dos membros do DO.
- Reunión da CCP.
- Reunións de avaliación trimestral do alumnado con NEAE.
- Reunións co profesorado e cos distintos profesionais que, tanto dentro como fóra do centro, traballan co alumnado que atendemos.
- Reunións cos pais/nais para informalos e que nos informen de todos aqueles aspectos que poidan ser relevantes na educación dos seus fillos/as.

- Reunión cos especialistas do EOE e con membros de servizos externos ao centro sempre que sexa preciso.
- Reunión mensual todos os membros do D.O.
- Reunións das avaliacións iniciais.

Nun primeiro momento o horario quedaría deste xeito:

H/D	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00- 9:50	3º	6º	3º	5º	1º
9:50 – 10:40	6º EI	6º EI	6º EI	5º EI	5º
10:40 – 11:30	6º	5º EI	6º	1º	3º
11:30 – 12:00	PLAN LECTOR				
12:00 – 12:25	RECREO				
12:25 – 13:10	Dislalias	1º	1º e 2º	3º	Dislalias
13:10 – 14:00	2º	GARDA	5º	1º e 2º	GARDA

Así mesmo, teremos en conta as seguintes consideracións para a optimización da nosa intervención:

- Buscarase máis un apoio de calidade que de cantidade.
- O apoio será sempre que sexa posible na aula ordinaria.
- Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Linguas e Matemáticas e aos respectivos procesos cognitivos que afecten a estas aprendizaxes..
- Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas de Linguas, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais e non en Ed. Física, Plástica, Inglés ou Música.
- As familias dos alumnos/as susceptibles de reforzo serán informados das medidas a adoptar.
- Os apoios que se fagan por parte dos especialistas en P.T ou A.L requirirán de coordinación periódica entre especialista, titor/a e orientador/a.

8 - RECURSOS:

No que respecta aos recursos, expoño o seguinte:

RECURSOS MATERIAIS:

Material específico de logopedia e de lingua castelá e lingua galega, así como fichas, caderniños, contos e libros de lectura para o traballo de lectoescritura.

Obxectos reais, imaxes de persoas, obxectos, debuxos sinxelos, láminas, secuencias de historias, lotos fonéticos, pictogramas... para traballar os distintos compoñentes da linguaxe: fonética – fonoloxía, semántica, morfosintaxe e pragmática.

Xogos como quebracabezas, sopas de letras, aforcado, palabras cruzadas...

Programas informáticos adaptados ás distintas necesidades e niveis.

É importante recordar que o material debe ser variado, a ser posible, relacionado con temas que sexan do seu interese, e sempre adaptado ao nivel de cada alumno/a, para conseguir que se impliquen no traballo, se motiven e intenten superarse día a día.

RECURSOS PERSOAIS:

O persoal co que conta o centro neste curso escolar é unha mestra de PT – Pedagogía Terapéutica, dous mestres de AL (un deles a media xornada), mestres de ARCO, mestre de PROA+, a xefa do D.O., titores, profesores das distintas áreas e conserxe.

Entre os servizos externos ao centro cóntase co EOE - Equipo de Orientación Específico, para colaborar naqueles casos nos que sexa preciso.

A familia, como parte primordial do proceso educativo, que nos aporta información sobre a evolución, incidencias, posibilidades, limitacións e son protagonistas no desenvolvemento das capacidades do alumno/a.

Persoal dos gabinetes logopédicos e/ou psicopedagóxicos que traballan co alumnado que atendemos, e demais institucións e organismos que poidan prestar axuda nas distintas necesidades coas que nos podemos atopar, como son, concello, centros de educación especial, asociacións (ASPANAES) e outras organizacións.

RECURSOS ORGANIZATIVOS:

Reunións do D.O.

Reunións da CCP.

Reunións de avaliación (inicial, continua e final).

Reunións cos distintos profesionais, internos e externos ao centro, que traballan co alumnado que atendemos.

Reunións coa familia (hora de atención a nais e pais).

Reorganización da aula, modificación dos agrupamentos, ou calquera outra que se considere oportuna para intentar acadar os obxectivos propostos.

9. Coordinación/comunicación coas titorías, DO e relación coas familias

Tendo en conta, que xa informamos aos pais sobre o traballo que iniciamos co seu fillo e aula ordinaria teriamos que destacar especialmente como eles terían que colaborar connosco en varios aspectos:

- Animar e axudar aos seus fillos nas tarefas propostas polo Centro.
- Fomentar a participación nas actividades realizadas no Centro.

Para conseguir que a cooperación de a familia sexa efectiva, como especialista en NEAE debemos de potenciar a coordinación con ela de diferentes formas:

- Realizando entrevistas periódicas, individuais ou en grupo, onde informar sobre os progresos do alumno, e á súa vez, interesándonos pola vivencia que os pais manteñen polas dificultades dos seus fillos.
- Animando a participación de os pais en reunións colectivas, organizadas desde os diferentes Centros escolares con carácter informativo e por outras institucións.
- Orientariámoslles sobre como traballar co seu fillo e como axudarlle a comprender a realidade na que está inmerso. Eles pola súa banda proporcionaríannos unha información fundamental sobre o alumno no seu ambiente familiar, progresos ou dificultades que eles observan, etc.

Cos titores, a comunicación manterase no día a día da aula e nos intercambios comunicativos que se poden ter en horas dispoñibles, sempre exercendo un contacto constante, sobre todo en aqueles casos nos que o apoio se leve a cabo fóra da aula ordinaria.

En referencia ao Departamento de Orientación, faranse reunións semanais para manernos todos en contacto.

10.- Avaliación e propostas de mellora

Ao inicio do curso vamos a partir sempre da avaliación realizada polo DO das necesidades e dificultades que presenta o alumnado, ao tempo que temos en conta os informes que poidan existir dos distintos profesionais que foron traballando cos alumnos/as en anos anteriores. Tendo esta información como punto de partida, faremos unha avaliación inicial, centrada máis concretamente na nosa tarefa como especialistas en AL, que nos proporcionará información sobre o nivel lingüístico e comunicativo e os coñecementos previos dos que parte o alumno/a, e que constituirá a base da nosa intervención directa co alumnado. Entre os instrumentos de avaliación que podemos utilizar están a observación directa e sistemática, as entrevistas, os cuestionarios, rexistros, escalas...

Durante todo o curso vamos a realizar unha avaliación continua, global e formativa que nos aportará información, por un lado do alumno/a, dos seus logros, os progresos, as dificultades, a aparición de novas

necesidades, e por outro lado, da nosa propia práctica docente, da idoneidade ou non dos métodos empregados, do tipo de actividades realizadas..., para, de selo caso, ter a posibilidade de modificar e/ou introducir todas aquelas medidas que consideremos oportunas para solucionar os problemas detectados e intentar acadar a consecución dos obxectivos propostos. Entre estas medidas podemos falar de cambios na metodoloxía que estamos empregando, ampliación de contidos, variación no tipo de actividades, modificación dos agrupamentos, os reforzos... ou de selo caso incluso do propio programa de intervención; todo isto coa finalidade de que o alumnado poida seguir con éxito o proceso de ensino aprendizaxe.

Esta avaliación basearase na observación directa e sistemática, nas achegas dos distintos profesores implicados no seu proceso de ensinanza aprendizaxe, e dos distintos profesionais que traballan co alumno/a dentro ou fóra do centro educativo. Na avaliación hai que ter en conta a consecución dos obxectivos formulados nos diferentes programas de intervención así como o desenvolvemento das competencias clave.

Por último, aínda que non menos importante, faremos unha avaliación final ou sumativa que nos aportará información sobre o logro dos obxectivos propostos, garantindo o carácter revisable e reversible da proposta de intervención inicial coa finalidade de corrixir aqueles aspectos que non resultaron positivos e intentar optimizar o logro dos obxectivos que se tiñan propostos, quedando rexistrado como proposta de mellora para o vindeiro curso. Para de este modo mellorar ano tras ano a efectividade das intervencións.

11- Modelo e indicadores para o seguimento da programación e da práctica docente.

Se verdadeiramente queremos que a avaliación se converta en un elemento formativo e informativo do proceso de ensino - aprendizaxe en xeral, esta debe abordar todos os elementos que están implicados no devandito proceso polo que aquí abordaremos a avaliación da programación e da acción docente, analizando se as diversas decisións e elementos postos en xogo para ofrecerlles a estes alumnos a resposta educativa que requiren (en relación á presente proposta) foron os adecuados.

Así, considero como instrumento de análise e avaliación a propia observación e reflexión diaria a todos os niveis (planificación, organización, posta en práctica, capacidade de reformulación...), así como tamén sería moi útil a información obtida polo intercambio de información entre titor, mestra de apoio ás necesidades educativas especiais, profesorado de materias e orientadora.

Utilizariamos un cadro de recollida de información para suscitar a reflexión sobre as decisións colexiadas que guían as fases de deseño, desenvolvemento e avaliación do plan de traballo do alumno con NEAE.

1. Os programas educativos personalizados mostran unha correspondencia realista coas N.E.A.E. e características dos alumnos aos que vai dirixida.

2. Os plans foron realista na súa proposta de obxectivos para estes alumnos.

3. A proposta de contidos e a súa secuenciación permitiron a consecución de os obxectivos expostos, reflectindo a adquisición das competencias clave.

4. Os criterios metodolóxicos foron útiles para o prantexamento de situacións de ensino- aprendizaxe factibles.

5. A temporalización prevista do plan de traballo cumpriuse.

6. A organización espacial e temporal foi a adecuada para o desenvolvemento dos distintos programas.

7. A avaliación permitiu informar do proceso de ensino-aprendizaxe e actuar na realidade de forma coherente.

8. Leváronse a cabo as coordinacións titor -mestra de NEAE. e resultaron eficaces.

9. Partiuse dos currículos oficiais e reflexionouse sobre a contribución de cada área ou materia ao desenvolvemento das competencias clave.

10. Tivéronse en conta as liñas educativas e os acordos recolleitos no proxecto educativo e na memoria do curso anterior. Partiuse dos obxectivos da PXA para vertebrar de forma explícita as decisións que se van a tomar nos demais apartados do plan de actuación.

11. Constitúen as competencias clave o elemento central do plan de traballo.

12. Os acordos sobre competencias clave e como favorecer no alumnado o seu desenvolvemento

son compartidos polo titor e mestra de NEAE.

13. Contextualizouse a programación á nosa realidade.

14. Reflexionouse sobre que contidos permiten traballar mellor as competencias clave, tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación.

15. Realizouse unha selección e organización de contidos nos programas.

16. Os programas permitiron un traballo interdisciplinar.

17. Os programas responden a enfoques metodolóxicos que favorecen a adquisición das competencias clave e permiten o desenvolvemento do currículo.

18. Na análise dos criterios de avaliación, identificáronse os aspectos imprescindibles para deseñar situacións de aprendizaxe

19. Os procedementos e instrumentos de avaliación previstos permitiron a obtención de información necesaria para valorar o grao de adquisición das competencias clave

20. Os instrumentos de avaliación previstos son adecuados para os aprendizaxe que queremos avaliar e para a metodoloxía seleccionada

21. Prevíronse procedementos para informar o alumnado e a as familias sobre os diferentes aspectos da avaliación.

22. Os criterios de cualificación son útiles para valorar as aprendizaxes adquiridas, permiten recoñecer dificultades de aprendizaxe, facilitan a toma de decisións para a súa posterior regulación

23. Os criterios seguidos para deseñar as tarefas e actividades consideran diferentes niveis de complexidade e de estilos de aprendizaxe para o seu deseño.

24. O enfoque de a programación permite o uso de distintos espazos e escenarios para a actividade docente, posibilita diferentes agrupamentos, así como a utilización de materiais, recursos e soportes diversos.

25. O tempo asignado a as unidades de programación para o seu desenvolvemento foi o adecuado.

26. Prevíronse las medidas organizativas, de acceso aos materiais e recursos necesarios para poder facer efectiva a programación.

27. Planificáronse os mecanismos para recoller as propostas de mellora, ao termo de cada unidade de programación, do trimestre e do curso. Os distintos apartados do plan de traballo son coherentes entre si.

Daniel Blanco Carpente

Mestre de Audición e Linguaxe

1. INTRODUCCIÓN.

Este plan de apoio, ten como finalidade acadar unha educación inclusiva do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Sen esquecermos doutros principios fundamentais como a participación, equidade, non discriminación e calidade educativa.

A especialidade de Audición e Linguaxe ofrece atención educativa coa finalidade de potenciar as capacidades e compensar as dificultades no ámbito da comunicación, da linguaxe e da fala. Por iso, teremos en conta todo o que engloba a atención á diversidade a partir das características do noso centro e alumnado.

2. IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES DO ALUMNADO:

A identificación de necesidades constitúe o paso inicial que debemos ter en conta á hora de planificar a intervención como especialistas de audición e linguaxe. As principais necesidades do noso alumnado están recollidas nas observacións das actas de avaliación das titoras/es, nos informes finais elaborados polos especialistas de AL en cursos anteriores, sen esquecermos dos informes do Departamento de Orientación. Tamén temos en conta, a nosa avaliación inicial realizada nos primeiros días de curso, onde a observación vai a xogar un papel fundamental. Con isto, podemos establecer unhas necesidades a nivel xeral:

- Necesidade de atender a alumnado procedente de ambientes e contextos sociais desfavorecidos, así como alumnado estranxeiro con descoñecemento grave das linguas de aprendizaxe (galego e castelán).
- Necesidade de adaptar os espazos e tempos ás características e necesidades do alumnado (apoios visuais, ambientes estruturados,..).
- Necesidade de desenvolver as habilidades cognitivas básicas (atención, memoria, percepción, imitación, seguimento de instrucións,..).
- Necesidade mellorar a comprensión e expresión da linguaxe oral.
- Necesidade de adquirir un Sistema Aumentativo da Comunicación (SAC) coa finalidade de proporcionarlle comunicación funcional ao alumnado con dificultades significativas na mesma.

- Necesidade de mellorar as dificultades no proceso de lectoescritura (comprensión lectora, velocidade, exactitude lectora e escritora, calidade da letra, etc).
- Necesidade de favorecer o uso social da linguaxe ademais dun bo nivel pragmático.

3. COMPETENCIAS CLAVE

Entendemos por competencias clave as capacidades, habilidades e destrezas que nos permiten saber, saber facer e saber ser, nunha diversidade de contextos como o académico, o social e o profesional. A miña labor como especialista será fundamentar estas competencias clave recollidas nos deseños curriculares básicos da normativa vixente:

- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL): como especialista en AL será entorno á cal xiren os procesos de intervención. Para desenvolver esta destreza hai que traballar as distintas modalidades de comunicación: oral e escrita, sen esquecernos da importancia desta competencia para poder acceder a outras aprendizaxes ao longo de toda a vida.
- Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT): que require de explicacións razoadas, de argumentos lóxicos e descrições.
- Competencia Dixital (CD): buscando un uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para acadar obxectivos relacionados coa aprendizaxe, o tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade.
- Competencia Aprender a Aprender (CAA): habilidade para iniciar, organizar e dirixir a aprendizaxe, desenvolvendo un proceso reflexivo que nos permita pensar antes de actuar, promovendo a confianza e a motivación. Todo isto provocará que a nena ou neno se faga consciente das súas aprendizaxes.
- Competencias Social e Cívica (CSC): para interactuar con outras persoas conforme as normas da sociedade na que vivimos. Ademais de ter en conta habilidades sociais como o respecto mutuo, toma de decisións, resolución conflitos, etc. Desta forma, favorécese a colaboración, integridade e seguridade.

- Sentido da Iniciativa e espírito Emprendedor (CSIEE): fomentando a autoestima, a autonomía, a independencia e o esforzo.
- Conciencia e Expresións Culturais (CCEC): desenvolvendo habilidades do pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e sentido estético.

4. OBXECTIVOS

A nivel de centro destacamos:

- Participar na elaboración do Proxecto Educativo de Centro (PEC).
- Asesorar aos docentes sobre pautas que deben seguir co alumnado durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer a integración e a participación do alumnado no contexto escolar.
- Coordinarse cos profesionais (do centro e de fóra do mesmo) que forman parte da educación das alumnas/os con NEAE.
- Colaborar na prevención, detección e valoración de necesidades educativas do alumnado.
- Dotar á aula de AL de diversos materiais educativos co fin de prestar unha atención o máis axustada posible as necesidades das nenas/os.

Cas mestras/es e titoras/es :

- Realizar encontros cas titoras/es para proporcionar información e asesoramento na detección e no tratamento das necesidades educativas.

- Promover as adaptacións necesarias que o proceso educativo das alumnas/os requira en tódolos ámbitos referidos á linguaxe.
- Participar na elaboración e revisión periódica das ACIs, fundamentalmente da área de lingua galega e castelá.
- Colaborar igualmente na avaliación continua do proceso de aprendizaxe da linguaxe.

Cas alumnas/os:

- Prestar especial atención á prevención, detección e identificación temperá das necesidades educativas (mediante o contacto directo coa orientadora, cas titoras/es e familia).
- Colaborar na valoración das NEAE das alumnas/os, sobre todo en aspectos curriculares da área de linguaxe.
- Colaborar na proposta ou realización das medidas precisas para o acceso do alumnado ó currículo ordinario.
- Potenciar a comunicación das alumnas e alumnos e favorecer o desenvolvemento adecuado da linguaxe como medio de interacción social.
- Previr as posibles alteracións da linguaxe, así como procurar uns procesos evolutivos correctos coa finalidade de acadar un desenvolvemento axeitado dentro dos parámetros da normalidade.
- Intervir naquelas alteracións detectadas, tentando facer un apoio especializado as alumnas/os con dificultades na comunicación, tanto a nivel oral como escrito e tanto na comprensión como na expresión.
- Elaborar programas específicos de intervención de AL tendo en conta as características propias de cada alumna/o.

Coas familias :

- Establecer medios de comunicación entre a familia e a mestra de AL.
- Manter entrevistas e reunións periódicas para informar sobre o proceso educativo das súas fillas e fillos.
- Orientar ás familias ofrecéndolles información e pautas de actuación.
- Potenciar a colaboración da familia no proceso educativo da súa filla ou fillo, co fin de favorecer a xeneralización das aprendizaxes.

Co Departamento de Orientación (D.O.):

- Establecer relacións de coordinación, para favorecer a efectividade educativa.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento de material e programas específicos relacionados coa linguaxe.

5.- CARACTERÍSTICAS DA INTERVENCIÓN:

- Dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, se interveña a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Preventiva, intervindo o antes posible co fin de determinar os posibles casos de risco de alteracións do desenvolvemento da linguaxe.
- Individualizada, contemplando a diversidade do alumnado.
- Continua, mantendo un seguimento en todo momento das rapazas/es.

ÁREAS DE INTERVENCIÓN:

- Atrasos da linguaxe (maduración lenta do desenvolvemento lingüístico que afecta tanto a comprensión como a expresión, articulación, vocabulario, estruturación...)
- Alteracións da fala (dificultades como dislalias, erros na produción das palabras,..).
- Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Algunha discapacidade con trastorno específico da linguaxe.
- Aprendizaxe dun novo idioma (galego/castelán).
- Dificultades na lectoescritura.
- Establecerase un Programa de Estimulación da Linguaxe Oral para as nenas e nenas de 5º e 6º de Educación Infantil que o precisen, coa finalidade de previr dificultades ou alteracións da linguaxe, así como favorecer o desenvolvemento axeitado da mesma.

Ante estas dificultades os aspectos de traballo comprenden diferentes puntos:

- Mellorar a competencia comunicativo-lingüística (relaxación, respiración, sopro, discriminación auditiva, praxias bucofaciais, fonación...).
- Enriquecemento da linguaxe: complexidade sintáctica, aumento do vocabulario, coñecemento do idioma, etc.
- En relación ás dificultades de lectoescritura, intervírase en función da alteración aspectos como: percepción, atención, discriminación auditiva e visual; conciencia fonolóxica, correspondencia fonema-grafema e á inversa, velocidade e fluidez lectora, comprensión lectora, escritura, grafía, ortografía, estruturación sintáctica, narración, exposición, etc.

6. ALUMNADO CON NEAE.

Para o establecemento dos apoios por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e orientación seguíronse os criterios facilitados pola xefatura do departamento de orientación e a dirección do centro, sendo estes os seguintes:

Apoio prioritario ao alumnado con NEAE permanentes, partindo dos niveis inferiores. Dar continuidade aos apoios iniciados, sempre que se valore a prioridade. A proposta sae do DO unha vez analizada a información procedente das diferentes fontes e preséntase á Xefatura de Estudos (XE).

Atender ás demandas do profesorado e familias, sempre que se considere que é necesaria a axuda dos especialistas.

En función do anterior, a previsión de apoio educativo de alumnado con NEAE para este curso (independentemente de que poida xurdir algún novo caso), e de 3 alumnas/os. Ademais impartirei o PELO (Programa de Estimulación da Linguaxe Oral), a dous niveis de Educación Infantil (4º e 5º de Educación Infantil). O meu horario como especialista de AL (susceptible de cambios e modificacións) confórmase por un total de 14 sesións semanais:

- 2 sesións destinadas a alumnado de Educación Infantil e orientadas ao Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO).
- 12 sesións máis específicas, orientadas a alumnado con dificultades na lectoescritura, problemas na articulación de fonemas, alteracións significativas na expresión oral e un dos alumnos con TEA.

Ademais destas alumnas e alumnos, temos que ter en conta que ao longo do curso irán aparecendo máis casos de alumnado con necesidades específicas de atención educativa, o que provocará cambios no horario actual.

7. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE APOIO.

- Apoio específico dentro da aula: atenderase ao alumnado con NEAE, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria favorecendo a súa inclusión e desenvolvemento dentro do grupo. Tamén servirá para asesorar e colaborar estreitamente coas mestras titoras/es implicados.

- Apoio específico fóra da aula: desta atención excepcional fóra da aula, exclúense as intervencións que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado.

8. METODOLOXÍA.

É importante ter en conta a flexibilidade dende diferentes perspectivas ao propoñer as actividades a realizar en audición e linguaxe, é dicir, que a atención as alumnas/os dependerá de múltiples factores que se terán en conta como poden ser: as necesidades específicas de cada alumna/o, a súa idade, curso, materia, modalidade de apoio, dispoñibilidade horaria...

METODOLOXÍA XERAL

- Elaborarase un plan de intervención individual, partindo sempre do nivel de desenvolvemento da nena/o, polo que é necesario que nas primeiras sesións se realicen pequenas probas para coñecer a súa destreza lecto-escritora, o seu nivel fonético- fonolóxico, semántico, morfosintáctico e pragmático.
- Tres piares fundamentais: o traballo relacionado coa competencia dixital (TIC, ordenadores, tablet, apps,..), o traballo a través da lectura de contos (contacontos, signacontos,..) e a aprendizaxe significativa a través do xogo .
- Actividades e tarefas baseadas nos seus intereses e coñecementos previos, fomentando a motivación cara o aprendizaxe.
- Establecerase un clima de confianza e seguridade co alumnado tendo en conta as deficiencias ou dificultades que puidese presentar.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA.

- Intervención en dislalias: será tanto indirecta (relaxación, respiración, sopro, praxias bucofaciais,..) como directa (colocación precisa do punto e modo de articulación dos fonemas).

- Intervención en TEA e DI: empregaremos a metodoloxía TEACCH de estruturación espazo-temporal, apoios visuais e outras estratexias como o apoio condutual positivo, a ensino incidental e funcional, aprendizaxe sen erro,..
- Intervención nas alteracións de lectoescritura: comprenderá 3 dimensións da linguaxe (forma, contido e uso) tanto na expresión coma na comprensión. Basearémolo na intervención proposta por Paula Outón para os casos de dislexia.

9.- AGRUPAMENTOS.

En Audición e Linguaxe, en función das posibilidades, tenderase a unha modalidade de apoio ou estimulación con actividades coordinadas polas titoras/es na aula ordinaria, de forma individualizada ou en pequeno grupo na aula de AL, coa finalidade de que dita intervención sexa o máis eficaz posible. Como criterios principios de agrupamento serán considerados o nivel evolutivo/idade e a similitude das necesidades.

10. RECURSOS.

O centro educativo contará cos recursos materiais necesario para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado. Dito material estará adaptado as necesidades educativas que cada nena/o. Empregarase:

- Material específico de logopedia, de lingua castelá e lingua galega, así como fichas, cadernos, contos e libros de lectura para o traballo de lectoescritura.
- Obxectos reais, imaxes de persoas, obxectos, debuxos sinxelos, láminas, secuencias de historias, lotos fonéticos, pictogramas... Para traballar os distintos ámbitos da linguaxe: fonético – fonolóxico, semántica, morfosintaxe e pragmática.
- Outros xogos como quebracabezas, sopas de letras, aforcado, palabras cruzadas...
- Programas informáticos adaptados ás distintas necesidades e niveis.

É importante recordar que o material debe ser variado, e a ser posible, relacionado con temas que sexan do interese das nenas/os que atendemos, sen esquecermos de que se atope adaptado ao nivel de cada alumna/o.

Porén, si resulta interesante citar dentro dos recursos humanos internos a importancia da coordinación entre a titora ou titor de aula, as mestras/es, as compañeiras/os e a intervención do Departamento de Orientación. Por outro lado, entre as coordinacións cos recursos externos, destácase a participación da familia (axenda bidireccional, etc), os distintos especialistas que colaboran nos programas do centro, outros servizos da comunidade e o asesoramento do EOE. Ademais, no presente curso 2022/2023, prestarei docencia no CEIP Apóstolo Santiago 3 días á semana (luns, martes e venres), xa que son itinerante con outro centro da contorna (o CEIP Raíña Fabiola), para abordar as necesidades educativas que se dean ao longo do curso.

En canto aos recursos organizativos son necesarios para un óptimo aproveitamento tanto dos recursos materiais como dos recursos persoais. Sendo a base das medidas organizativas a coordinación e colaboración entre os profesionais de apoio (especialistas en AL e especialistas en PT) e entre todo o persoal docente, para acadar acordos, compromisos de colaboración, aceptación e implicación na atención educativa ao alumnado con NEAE.

11. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN:

O esquema empregado na planificación e deseño dos programas é o seguinte:

1. DATOS PERSOAIS.

2. DATOS DO APOIO.

3. CARACTERÍSTICAS DA ALUMNA/O E/OU NEAE QUE PRESENTA.

4. OBXECTIVOS A TRABALLAR.

5. METODOLOXÍA.

6. RECURSOS A EMPREGAR.

7. ACTIVIDADES TIPO.

8. AVALIACIÓN.

12.-TEMPORALIZACIÓN

Será adaptada ás necesidades de cada caso concreto e ás posibilidades horarias dos especialistas do Departamento de Orientación. Procurarase coincidir as sesións de apoio de AL con sesións de lingua galega ou castelán na aula da alumna ou alumno. E no caso de non ser posible, sempre nas horas das materias instrumentais. No caso de que o alumnado precise unha intervención fóra da aula, estas sesións nunca deberán exceder o un terzo do horario escolar. A nivel reeducativo na dimensión fonolóxica da linguaxe é recomendable sesións periódicas de 25 minutos aproximadamente. Desta forma, o horario para o curso 2020/2021 está organizado, nun principio, da seguinte maneira:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00 - 9.50	Neno (5ºEP)	Nena (4ºEI)			Neno (5ºEP)
9.50 - 10.40	PELO (4ºEI)	Dislalias (1º EP)			PELO (5ºEI)
10.40 - 11.30	Nena (4ºEI)	Neno (5ºEP)			Nena (4ºEI)
11.30 - 11.55	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
11.55 - 12.20	Plan Lector				
12.20 - 13.10	Neno (1ºEP)	Neno (1ºEP)	PELO EIC		Neno (1ºEP)
13.10 - 14.00	Reunión DO	Garda			Dislalias (1ºEP)

13.- AVALIACIÓN:

Levarase a cabo unha avaliación inicial coa finalidade de determinar o nivel de desenvolvemento curricular e as necesidades educativas. Esta servirá de base na elaboración dunha programación de atención axeitada a cada caso. Unha avaliación continua e formativa ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe para reaxustar

a metodoloxía e os contidos educativos, así como as decisións de apoio adoptadas por todos os especialistas. Por último, unha avaliación sumativa para determinar o grao de adquisición dos obxectivos propostos. Así mesmo esta programación será avaliada en función das necesidades e dos resultados quedando reflectidos na memoria final de curso, xunto coas propostas de mellora.

Lucía Boga Rico

Mestra Especialista de Audición e Linguaxe

Itinerante co CEIP Raíña Fabiola